Realizarase un seguimento individual personalizado de todos estes aspectos a través dunha ficha xeral individual de avaliación do alumno para, en caso necesario, realizar as oportunas adaptacións, elaborando probas de maior ou menor dificultade a fin de conseguir que os alumnos acaden a competencia necesaria para o exercicio da actividade profesional.

Ó ter que avaliar as partes, profundamente ligadas entre sí (contidos teóricos e prácticos), unha avaliación negativa de algunha destas partes por separado, podería provocar a non superación do módulo.



**MOI IMPORTANTE:**

A asistencia e a puntualidade ás clases e ás probas é algo esencial por ser un ensino presencial.

Por acordo do Departamento da Familia Profesional, as faltas de asistencia non xustificadas non poderán superar o 10 % das sesións do módulo (o 20% en total tendo en conta as xustificadas). O alumno/a que supere este %, perderá o dereito á avaliación continua.

Do mesmo xeito, se un alumno non asiste a unha determinada sesión ou a unha proba ou exame programados previamente, non se lle fará outro día. Isto significa que as probas se terán que facer na data sinalada para todo o grupo de alumnos e non se farán excepcións particulares para non entrar en agravios comparativos (aínda que as faltas sexan xustificadas) debido ás peculiaridades do desenrolo das clases. De ahí que se plantexe un período e un plan de recuperación das partes perdidas o non acadadas nos obxectivos antes de que remate o curso (no mes de xuño, antes da avaliación final). Nese período de recuperación haberá que superar as partes que se teñan suspensas para poder superar o módulo. Igualmente, en caso de que os alumnos tiveran que facer un traballo ou unha actividade escrita, haberá un prazo de entrega marcado de antemán para ser correxido polo profesor. De entregarse fóra de prazo, o traballo non será valorado (a calificación do mesmo sería de 0 puntos).

Do mesmo xeito, aquel alumno/a que non cumpra coa uniformidade completa o coas normas de seguridade e hixiene, ou que perxudique as normas de convivencia o de respecto mínimas non permanecerá na aula máis tempo (de clase ou de taller de cociña) e será derivado a xefatura de estudos e someterase a outras actuacións de tipo disciplinario que se decidirán segundo o caso concreto.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:

-Probas escritas, que poderán incluír, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD para este tipo de Instrumento de Avaliación.

-Táboas de Observación, que se aplicarán sobre determinados procedementos realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD para este tipo de Instrumento de Avaliación.

-Outros, a aplicar, e que se poderán valorar por exemplo con táboas de indicadores e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD para este tipo de Instrumento de Avaliación.

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas serán corrixidas no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 ( ou os seus múltiplos )

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6.

**MOI IMPORTANTE:**

A asistencia e a puntualidade ás clases e ás probas é algo esencial por ser un ensino presencial.

Por acordo do Departamento da Familia Profesional, as faltas de asistencia non xustificadas non poderán superar o 10 % das sesións do módulo (o 20% en total tendo en conta as xustificadas). O alumno/a que supere este %, perderá o dereito á avaliación continua.

Do mesmo xeito, se un alumno non asiste a unha determinada sesión ou a unha proba ou exame programados previamente, non se lle fará outro día. Isto significa que as probas se terán que facer na data sinalada para todo o grupo de alumnos e non se farán excepcións particulares para non entrar en agravios comparativos (aínda que as faltas sexan xustificadas) debido ás peculiaridades do desenrolo das clases. De ahí que se plantexe un período e un plan de recuperación das partes perdidas o non acadadas nos obxectivos antes de que remate o curso (no mes de xuño, antes da avaliación final). Nese período de recuperación haberá que superar as partes que se teñan suspensas para poder superar o módulo. Igualmente, en caso de que os alumnos tiveran que facer un traballo ou unha actividade escrita, haberá un prazo de entrega marcado de antemán para ser correxido polo profesor. De entregarse fóra de prazo, o traballo non será valorado (a calificación do mesmo sería de 0 puntos).

Do mesmo xeito, aquel alumno/a que non cumpra coa uniformidade completa o coas normas de seguridade e hixiene, ou que perxudique as normas de convivencia o de respecto mínimas non permanecerá na aula máis tempo (de clase ou de taller de cociña) e será derivado a xefatura de estudos e someterase a outras actuacións de tipo disciplinario que se decidirán segundo o caso concreto.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011, durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumnado adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos. No seu caso o alumnado deberá presentar os traballos correspondentes non presentados no momento e realizar as probas prácticas realizadas.

O alumnado que non acceda á FCT no período ordinario por ter unha avaliación negativa do módulo, poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, asignaráselle unha serie de actividades de recuperación, baseadas en acadar os obxectivos do módulo que quedaran pendentes e serán semellantes ás actividades de ensino-aprendizaxe realizadas durante o período ordinario. Finalmente realizarán unha serie de probas prácticas e teóricas (a lo menos unha proba teórica e outra proba práctica), e se avaliará tamén o caderno de clase.

Estas actividades e traballos, organizaráanse de forma personalizada, a súa descrición, obxectivos e instrucións para o seu desenvolvemento facilitaráselle ao alumno/a xunto co informe individualizado de avaliación correspondente.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

As probas tanto teóricas como prácticas para a proba de avaliación extraordinarias do alumnado con perda de dereito a avaliación continua serán no período xusto anterior a avaliación final, según ditan as instrucións da RESOLUCIÓN do 26 de xullo de 2019 para o curso 2019-2020.

A recuperación constará dunha parte práctica e outra teórica.

As actividades teóricas consistirán en entregar todo o feito durante o curso, apuntes, caderno de aula, fichas técnicas, etc.

As actividades prácticas consistirán na elaboración de distintos produtos que amosen que acadáronse os mínimos esixibles.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.

- Os resultados académicos acadados.

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados ao alumnado nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitira coñecer todo o relacionado coa motivación do alumnado, a actitude coa que se enfronta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir.

Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Tendo en conta que se trata do segundo ano do ciclo, inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo e nos contidos do módulo de elaboracións básicas, impartido no primeiro ano, xa que está estreitamente relacionado co presente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A adaptación curricular non pode ser significativa ó tratarse de educación non obrigatoria, aínda así será necesario realizala cando un/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, propoñéndose para cada un deles e de xeito individualizado as seguintes actuacións, xunto con outras posibles no marco de acordos do equipo docente, logo da detección de casos e situacións concretas:

1. Aplicar o establecido no apartado de contidos mínimos.
2. Reforzar con explicacións máis sinxelas, ampliando o nivel de axuda documental e de asesoramento ao alumnado, mais sempre no contexto dos mínimos de cada capacidade terminal.
3. Tomar como referencia os aspectos máis esenciais do perfil profesional característico do título. Reforzarase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.
- 4.-Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables. Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas. Desta maneira, favoreceráse a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento.
- 5.-Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación metodolóxica (sempre en colaboración co titor e co orientador) deberánse revisar algúns elementos:
  - Técnicas de traballo cooperativo.
  - Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
  - Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
  - Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar sua autoestima.
6. Podense modificar ou adaptar os instrumentos de avaliación para facilitar a consecución dos mínimos esixibles.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

-Educación para a convivencia, respecto á autonomía dos demais, diálogo como forma de solucionar as diferenzas.

-Educación non sexista, analizar criticamente a realidade e corregir prexuízos, consolidar hábitos non discriminatorios, etc.

-En canto aos aspectos estritamente profesionais porase en valor a sustentabilidade, o impacto ambiental do traballo, o aforro enerxético, a xestión de residuos, a importancia da alimentación na saúde e educación colectivas, o valor engadido dos produtos de produción local e rexional de produción ecolóxica ou de calidade.

-Por outra banda, fomentárase outros aspectos culturais así como a importancia do coñecemento de linguas e culturas foráneas para o desenvolvemento cultural e profesional.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias:

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

- Semanas ou xornadas gastronómicas.
- Presentación de produtos.
- Presentación de equipos.
- Conferencias e charlas especializadas.
- Cursos monográficos.

E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.

Actividades extraescolares:

- Visitas a restaurantes, hotel ou establecementos onde a cociña de sobremesas teña importancia para coñecer a súa organización e funcionamento.
- Visitas a feiras e salóns Gastronómicos.

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraranse extraescolares.

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0499	Procesos de elaboración culinaria	2021/2022	8	267	267

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA LÓPEZ LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación toma como base o Decreto 83/2011 que desenvolve o currículo de Técnico superior en dirección de cociña e concrétese dentro do seguinte ámbito produtivo:

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, nomeadamente do sector da hostalaría e, en concreto, do subsector de restauración. Poden actuar en pequenos establecementos, en moitas ocasións como propietario ou propietaria e responsábel de cociña simultaneamente. Cando non actúan por conta propia, realizan as súas funcións baixo a dependencia da dirección do establecemento, sexa este un hotel ou sexa outro tipo de aloxamento ou establecemento de restauración. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: Director/a de alimentos e bebidas, Director/a de cociña, Xefe/a de produción en cociña, Xefe/a de cociña, Segundo/a xefe/a de cociña, Xefe/a de operacións de catering, Xefe/a de partida, Cociñeiro/a, Encargado de economato e adega.

A comarca de Ferrolterra conta con gran cantidade de establecementos de temporada de verán que serán atendidos por gran parte do noso alumnado, así como una boa cantidade de hoteis tanto de temporada como na próxima cidade de Ferrol ademais de numerosos establecementos de turismo rural. A maioría son empresas familiares, con instalacións de reducidas dimensións, polo tanto as ensinanzas irán encamiñadas cara as PEMES.

Malia desenvolver habitualmente a súa actividade profesional en establecementos de carácter privado, tamén o poden facer en establecementos públicos, fundamentalmente nos sectores educativo, sanitario e de servizos sociais. Unha parte considerábel do alumnado escolle este ciclo precisamente por esta posibilidade laboral.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os ámbitos da produción culinaria	Clasificación das diferentes tipos de empresas de restauración e sistemas de produción culinaria.	8	3
2	Organización de procesos de elaboración culinaria	Organización dos tipos de procesos nas diferentes empresas de resaturación	8	3
3	Aplicación de técnicas de cocción	Empregar e aplicar as diferentes técnicas de cocción para elaborar platos de cociña.	50	17
4	Elaboración de produtos culinarios básicos	Elaboración de produtos de cociña básicos	30	12
5	Elaboracións de produtos culinarios rexionais e internacionais	Elaboracións de produtos de cociña de índole rexional e internacional.	70	26
6	Elaboración de produtos culinarios de cociña creativa e de autor	Elaboración de productois de cociña moderna, creativa e de autor.	25	10
7	Realización de acabamentos e presentacións	Realización de acabados e presentacións (decoracións)	25	10
8	Desenvolvemento do servizo en cociña	Desenvolvemento dun servizo equivalente ó dun restaurante .	51	19

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os ámbitos da produción culinaria	8

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os procesos de elaboración culinaria, determinando as súas fases en relación coas características dos produtos que se pretenda obter.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizáronse os ámbitos da produción e do servizo en cociña.
CA1.2 Descríbíronse e caracterizáronse os documentos relacionados coa produción en cociña.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Descrición e análise dos ámbitos da produción culinaria. Tipos de empresas dedicadas á produción culinaria: restaurantes, cáterings, cociñas centrais, etc.
Descrición e interpretación de documentos relacionados coa produción culinaria: ordes de traballo, fichas técnicas de produción, receitas, etc.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización de procesos de elaboración culinaria	8

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os procesos de elaboración culinaria, determinando as súas fases en relación coas características dos produtos que se pretenda obter.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse as fases da produción culinaria e os protocolos de actuación relacionados con cada unha, e secuenciáronse mediante diagramas.
CA1.3.1 Descríbense e identifícanse as áreas de traballo
CA1.3.2 Identifícanse as fases da produción culinaria e os seus protocolos de actuación
CA1.3.3 Secuenciáronse as fases da produción culinaria mediante diagramas
CA1.4 Recoñeceuse e interpretouse a terminoloxía relacionada coa produción culinaria.
CA1.6 Tivéronse en conta as posibles necesidades de coordinación co resto do equipamento de cociña e outros departamentos.
CA1.6.1 Recoñeceuse a estrutura organizativa e xerarquías do persoal en cociña
CA1.6.2 Tivéronse en conta as necesidades de coordinación entre departamentos da cociña.
CA1.7 Determináronse os procedementos intermedios de conservación ou mantemento, tendo en conta as necesidades das elaboracións e o seu uso posterior.
CA1.8 Determináronse os procesos, buscando un uso racional dos recursos materiais e enerxéticos.
CA1.9 Valorouse, desde o ámbito organizativo, a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA1.10 Representouse a presentación dos resultados esperados mediante gráficos ou debuxos adecuados.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Organización de procesos de elaboración culinaria: tarefas e fases. Descrición e características.
Terminoloxía utilizada na produción culinaria.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Aplicación de técnicas de cocción	50

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de cocción, tendo en conta a relación entre as transformacións fisicoquímicas que se producen nos alimentos e as características do produto final.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizáronse as transformacións fisicoquímicas que produce a calor nos alimentos.
CA2.2 Describíronse e clasificáronse as técnicas de cocción.
CA2.3 Identificáronse e relacionáronse as técnicas de cocción con respecto ás súas posibilidades de aplicación a diversos xéneros.
CA2.4 Relacionáronse e determináronse as necesidades previas ao desenvolvemento das técnicas de cocción.
CA2.5 Identificáronse as fases de aplicación, os procesos, os procedementos, os modos operativos e os instrumentos base que se deben utilizar, así como os resultados obtidos.
CA2.6 Executáronse as técnicas de cocción seguindo os protocolos de actuación establecidos.
CA2.7 Distinguíronse posibles alternativas en función dos resultados obtidos e valorouse a súa repercusión na calidade do produto final.
CA2.8 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Análise e tipoloxía das coccións. Fontes de información relacionadas.
Transformacións fisicoquímicas dos alimentos: análise e características.
Técnicas de cocción: descrición, análise, clasificacións e aplicacións.
Procedementos de execución: fases e puntos clave na realización de cada técnica.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de produtos culinarios básicos	30

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora produtos culinarios básicos aplicando técnicas asociadas.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense e clasifícanse as elaboracións básicas de múltiples aplicacións.
CA3.1.1 Descríbense e clasifícanse as elaboracións básicas de múltiples aplicacións: fondos líquidos e complementarios.
CA3.1.2 Descríbense e clasifícanse as elaboracións básicas de múltiples aplicacións: mollos da gastronomía nacional e internacional.
CA3.2 Caracterízanse as fases e as técnicas aplicables durante os procesos de produción de elaboracións básicas de múltiples aplicacións.
CA3.3 Interpretouse correctamente toda a información previa necesaria.
CA3.4 Verificouse a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previos ao desenvolvemento dos procedementos.
CA3.5 Realizáronse os procedementos de obtención de elaboracións básicas de múltiples aplicacións seguindo os protocolos de actuación establecidos.
CA3.6 Relacionouse a aplicación e a funcionalidade das elaboracións básicas de múltiples aplicacións cos diversos produtos culinarios básicos e a súa calidade final.
CA3.7 Executáronse as tarefas de obtención de produtos culinarios básicos seguindo os protocolos de actuación establecidos.
CA3.8 Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos.
CA3.10 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición, análise, clasificación e aplicacións das elaboracións básicas de múltiples aplicacións.
Descrición, análise, clasificación e aplicacións das elaboracións básicas de múltiples aplicacións: os fondos líquidos e complementarios.
Descrición, análise, clasificación e aplicacións das elaboracións básicas de múltiples aplicacións: os mollos da gastronomía nacional e internacional.
Procedementos para a elaboración de fondos e mollos. Fases e puntos clave na súa execución. Anomalías, causas e posibles correccións.
Realización de elaboracións culinarias tipo. Procedementos de control na aplicación de fases e técnicas.
Valoración de custos das elaboracións culinarias: rendementos e escandallos. Procedementos para a súa realización.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elaboracións de produtos culinarios rexionais e internacionais	70

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Elabora produtos culinarios básicos aplicando técnicas asociadas.	NO
RA4 - Elabora produtos culinarios rexionais e internacionais, de cociña creativa e de autor, aplicando técnicas asociadas.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.11 Relacionáronse elaboracións culinarias con ofertas gastronómicas de acordo cos tipos de establecementos, as fórmulas de restauración elixidas e as áreas ou os departamentos de produción ou servizo de alimentos e bebidas.
CA4.1 Descríbense e clasificáronse as elaboracións culinarias.
<b>CA4.1.1 Aprecíuse información e bibliografía sobre autores de prestixio de ámbito galego, español e internacional.</b>
<b>CA4.1.2 Descríbense e clasificáronse as elaboracións culinarias rexionais e internacionais.</b>
CA4.2 Caracterizáronse as fases e as técnicas aplicables durante os procesos de produción de elaboracións culinarias.
CA4.3 Interpretouse correctamente toda a información previa necesaria.
CA4.4 Verificouse a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previos ao desenvolvemento dos procedementos.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Fontes de información e bibliografía sobre autores de prestixio de ámbito galego, español e internacional.
Descrición, análise, clasificacións e aplicacións das elaboracións culinarias.
<b>Descrición, análise, clasificacións e aplicacións das elaboracións culinarias nacionais e internacionais.</b>
Elaboración de pratos representativos da cociña española e internacional.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Elaboración de produtos culinarios de cociña creativa e de autor	25

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza os procesos de elaboración culinaria, determinando as súas fases en relación coas características dos produtos que se pretenda obter.	NO
RA3 - Elabora produtos culinarios básicos aplicando técnicas asociadas.	NO
RA4 - Elabora produtos culinarios rexionais e internacionais, de cociña creativa e de autor, aplicando técnicas asociadas.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Deducíronse as necesidades de materias primas, equipamentos, utensilios, ferramentas, etc.
CA3.9 Caracterizáronse e realizáronse as valoracións de custos das elaboracións culinarias, aplicando os procedementos para obter rendementos e escandallos.
CA4.5 Realizáronse os procedementos de obtención de elaboracións culinarias seguindo os protocolos de actuación establecidos.
CA4.6 Relacionouse a aplicación e a funcionalidade das elaboracións culinarias cos produtos culinarios e a súa calidade final.
CA4.7 Executáronse as tarefas de obtención de produtos culinarios seguindo os protocolos de actuación establecidos.
CA4.8 Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos.
CA4.9 Caracterizáronse e realizáronse as valoracións de custos das elaboracións culinarias, aplicando os procedementos para obter rendementos e escandallos.
CA4.10 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA4.11 Relacionáronse elaboracións culinarias con ofertas gastronómicas de acordo cos tipos de establecemento, as fórmulas de restauración elixidas e as áreas ou os departamentos de produción ou servizo de alimentos e bebidas.
CA4.12 Explicáronse as novas técnicas culinarias coa descrición dos seus principios e conceptos, as súas aplicacións e os resultados obtidos.
CA4.13 Extrapoláronse os procesos e os resultados obtidos a novos xéneros ou receitas, e deducíronse as variacións técnicas da adaptación.
CA4.14 Amosouse sensibilidade e gusto artístico ao efectuar os acabamentos e as presentacións das elaboracións culinarias de creación propia e doutros autores.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Elaboración de pratos da cociña de autor española e internacional.  Identificación de pratos da cociña de autor española e internacional e de vangarda.  Novas técnicas culinarias de vangarda e texturizantes.  Fichas técnicas, xéneros, utensilios, ferramentas e equipamentos precisos.  Técnicas e procedementos de execución e control.

Contidos
Valoración de custos das elaboracións culinarias.

#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Realización de acabamentos e presentacións	25

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza acabamentos e presentacións tendo en conta a relación entre as súas características e a elaboración culinaria á que se vinculen.	SI

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense e clasifícanse as gornicións e as decoracións, así como as súas posibles aplicacións.
CA5.2 Determináronse as normas básicas para decorar e presentar produtos culinarios.
CA5.3 Determináronse as gornicións e as decoracións adecuadas á elaboración á que se vinculen.
CA5.4 Verificouse a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previamente ao desenvolvemento das tarefas.
CA5.5 Elaboráronse as gornicións e as decoracións seguindo os protocolos establecidos.
CA5.6 Xustificouse a relación entre gornición, decoración, acabado e presentación.
CA5.7 Verificáronse e dispuxéronse todos os elementos que configuran o produto culinario seguindo criterios estéticos.
CA5.8 Identificáronse, xustificáronse e aplicáronse as técnicas de envasamento e conservación necesarias para os produtos semielaborados e/ou acabados seguindo os procedementos establecidos.
CA5.9 Determináronse as posibles medidas de corrección en función dos resultados obtidos.
CA5.10 Realizáronse todas as operacións, tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA5.11 Elixíronse ou ideáronse formas e motivos de decoración, aplicando a creatividade e a imaxinación.
CA5.12 Seleccionáronse técnicas gráficas adecuadas para a realización de esbozos ou modelos gráficos.
CA5.13 Deducíronse variacións no deseño realizado consonte criterios como o tamaño, as materias primas que se vaian empregar, a formas, a cor, etc.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Descrición, finalidade, tipoloxía e aplicacións das gornicións e as decoracións.
Normas básicas na decoración e na presentación de pratos en cociña.
Procedementos de elaboración de gornicións e decoracións.
Relación das gornicións e as decoracións coas elaboracións culinarias ás que se vinculan.

#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Desenvolvemento do servizo en cociña	51

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Desenvolve o servizo en cociña con criterios de valoración das súas implicacións na satisfacción da clientela.	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse e caracterízanse os tipos de servizo en cociña.
CA6.2 Descríbense as operacións previas ao desenvolvemento dos diversos servizos en cociña.
CA6.3 Recoñeceuse a documentación relacionada cos servizos en cociña, así como a súa formalización e o seu fluxo.
CA6.4 Identifícanse as necesidades de coordinación durante o servizo.
CA6.5 Verifícase a dispoñibilidade de todos os elementos necesarios previamente ao desenvolvemento dos servizos.
CA6.6 Execútanse as tarefas propias do servizo en tempo e forma adecuados, seguindo os protocolos establecidos.
CA6.7 Realízanse as tarefas de recollida de xéneros e adecuación de zonas tras a finalización do servizo, seguindo os procedementos establecidos.
CA6.8 Identifícanse os protocolos de actuación fronte a diversos tipos de queixas, suxestións e reclamacións.
CA6.9 Realízanse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.
CA6.10 Compróbase que o persoal colaborador realice os seus labores de acordo coas instrucións e cos plans establecidos.
CA6.11 Aplícanse os procedementos de control establecidos para comprobar a correcta preparación e presentación de elaboracións culinarias.

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Servizo en cociña: descrición, tipos e posibles variables organizativas.
Tarefas previas aos servizos en cociña: mise en place .
Documentación relacionada cos servizos.
Coordinación durante o servizo en cociña: relacións departamentais e interdepartamentais.
Execución dos procesos propios do servizo.
Tarefas de finalización do servizo.
Protocolos de queixas, suxestións e reclamacións.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como Criterio de Avaliación mínimo esixible:

UD.1	MIN.	UD.2	MIN.	UD.3	MIN.	UD.4	MIN.	UD.5	MIN.	UD.6	MIN.	UD.7			
	MIN.	UD.8	MIN.												
CA1.1	SI			CA2.1	NON	CA3.1		CA3.11	SI	CA1.5	SI	CA5.1	SI	CA6.1	SI
CA1.2	SI	CA1.3		CA2.2	SI	CA3.1.1	SI	CA4.1		CA3.9	NON	CA5.2	NON	CA6.2	
SI															
		CA1.3.1	SI	CA2.3	SI	CA3.1.2	SI	CA4.1.1	SI	CA4.5	SI	CA5.3	SI	CA6.3	SI
		CA1.3.2	SI	CA2.4	NON	CA3.2	NON	CA4.1.2	SI	CA4.6	SI	CA5.4	SI	CA6.4	SI
		CA1.3.3	NON	CA2.5	SI	CA3.3	NON	CA4.2	SI	CA4.7	SI	CA5.5	SI	CA6.5	SI
		CA1.4	SI	CA2.6	SI	CA3.4	SI	CA4.3	NON	CA4.8	SI	CA5.6	NON	CA6.6	NON
		CA1.6		CA2.7	NON	CA3.5	SI	CA4.4	SI	CA4.9	SI	CA5.7	NON	CA6.7	SI
		CA1.6.1	SI	CA2.8	SI	CA3.6	SI			CA4.10	SI	CA5.8	SI	CA6.8	NON
		CA1.6.2	SI			CA3.7	SI			CA4.11	NON	CA5.9	SI	CA6.9	SI
		CA1.7	SI			CA3.8	SI			CA4.12	SI	CA5.10	SI	CA6.10	NON
		CA1.8	NON			CA3.10	SI			CA4.13	SI	CA5.11	SI	CA6.11	SI
		CA1.9	SI							CA4.14	NON	CA5.12	NON		
		CA1.10	NON												
				CA5.13	SI										

Os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN consistirán en:

-Probas escritas, que poderán incluír, tests, preguntas de coñecementos, supostos prácticos, resolución de exercicios, traballos monográficos, cadernos de obrador ou de fichas técnicas, e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD's para este tipo de Instrumento de Avaliación.

-Táboas de Observación, que se aplicarán sobre determinados desempeños realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada CA de cada unha das UD's con este tipo de Instrumento de Avaliación.

-Listas de cotexo de desempeños.

-Outros, a aplicar por exemplo en probas de produción en obrador, que se poderán valorar por exemplo con táboas de indicadores e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD's para este tipo de Instrumento de Avaliación.

### SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN XERAIS

As probas cualificaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 (ou os seus múltiplos)

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente inferior ó longo das tres

avaliacións, na avaliación final o redondeo será á nota superior. (exemplo: si a nota final é 5,6, a nota redondeada será 6)

Nas probas tipo test de resposta única, atendendo ao principio de variable aleatoria, poderase aplicar a regra de compensación de xeito que si hai 3 posibles respostas por pregunta, cada erro debe restar 0,5; si ten 4 posibles respostas, cada erro debe restar 0,33; con 5 opcións por pregunta, un erro debe restar 0,25 acertos e así sucesivamente.

Indicar que dado a situación creada pola pandemia, as probas de produción en obradoiro (no caso de que a situación nos obrigara a volver a confinar) serían substituídas por outro tipo de traballos que indicarán as capacidades e competencias do alumnado neste tipo de tarefas.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No suposto de que se pase de curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado.

As actividades de recuperación, basearanse nos criterios de avaliación considerados de mínimos esixibles.

Dependendo da dispoñibilidade horaria do centro e segundo a normativa, o alumno terá un horario con actividades de recuperación para preparar e superar a avaliación.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller/obradoiro, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio do profesor).

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: ¿O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro¿ e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

6%=20 sesións

10%=32 sesións

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grao de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase a plataforma informática.

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- . O grao de cumprimento da temporalización
- . O logro dos obxectivos programados
- . Os resultados académicos acadados

Para a memoria final utilizaremos un modelo proporcionado común

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Neste módulo, o profesor fara unha proba teórica ou cuestionario inicial para obter información dos coñecementos previos que o alumnado posee así como información sobre motivación, intereses , etc..

A avaliación inicial permitira coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno, a actitude co a que se enfronta ao proceso de ensinanza/aprendizaxe,

e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir.

Tal e como se establece na lexislación vixente, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

As medidas de reforzo que se propoñerán en caso da súa necesidade serán:

- Realización de mapas conceptuais e esquemas. Elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, traballos de búsqueda de información, todo isto de maneira individualizada.
- Repetición de prácticas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades complementarias

Dentro das actividades complementarias encadranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

- Presentación de produtos.
- Presentación de equipos.
- Conferencias e charlas especializadas.
- Visitas fora do centro a industrias e empresas da zona, pequenas e medianas empresas do sector hosteleiro, establecementos rurais, pequenos establecementos, hotéis de cadeas internacionais para a valoración e diferenciación dos seus sistemas de traballo. Tamén fábricas de produtos primarios ou elaborados, matadeiros, saídas a colección de setas con asociacións da zona, etc.
- Probable visita a Madrid Fusión.

Todas elas recollidas e propostas a principios de curso no centro para a súa aprobación polo Consello Escolar.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Sobre a secuenciación das UD

Tratarase de seguir fielmente e correlativamente a programación. Aínda que se debe matizar que dado que este módulo comeza a dar un servizo real a partir da 2ª avaliación manterá determinadas UD. abertas simultaneamente, como as UD 5 e 6, que implican elaboracións diversas, xunto coa 8 que implica a realización dun servizo, de ahí que tamén señan as máis densas.

Indicar que dado a situación provocada pola pandemia. No caso de non poder abarcar todos os aspectos que se reflicten nesta programación (caso de volver a confinar). Esto quedará indicado no informe individualizado do alumnado. E no informe do módulo

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0500	Xestión da produción en cociña	2021/2022	11	244	244

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ROSA ANA PICO GALDO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Xestión da Producción en cociña, pertencente ao Ciclo Superior en dirección de cociña, seguindo as bases do currículo según o publicado no Decreto 83/2011, do 20 de abril. Tómase, por tanto, como referencia dito currículo e fanse as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e ás características do contorno sociocultural do centro.

A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo en cociña, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, a produción e o servizo, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo en cociña, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, a produción e o servizo, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

A perspectiva do título no sector ou nos sectores produtivos e na realidade económica e laboral na que nos atopamos (comarca de Ferrol Terra e Eume-Ortegal) lévanos a contemplar algúns aspectos ou tendencias no ámbito da restauración:

1. Cómpre ter en conta o significativo cambio nos hábitos e nos estilos de vida da poboación consumidora (afastamento do posto de traballo e dos centros escolares, incorporación da muller á vida laboral, etc.), así como a ruptura da transmisión de coñecementos e da cultura culinaria, xunto coa proliferación de centros comerciais onde se poden compaxinar compras, comida e lecer, con datos con gran influencia no sector da hostalaría e a restauración.
  2. Canto á tipoloxía de establecementos, a tendencia do mercado apunta cara a un estancamento no que se refire ao crecemento dos restaurantes tradicionais, os de luxo e os chamados "de autor", entanto que se prevé unha grande expansión e consolidación das empresas dedicadas á restauración colectiva (centros sanitarios, centros escolares, empresas, centros de lecer, etc.) e das chamadas "empresas de restauración moderna" ou "neorrestauración", que abranguen unha ampla gama de conceptos.
  3. Debido a este forte crecemento, a demanda de profesionais do sector da restauración que saiban adecuarse ás novas estruturas organizativas e produtivas é cada vez maior. Xa que logo, estes profesionais, axudados pola formación adecuada completada pola empresa e a propia experiencia, deberán ser quen de conseguir e proporcionar elevados estándares de calidade, no produto e no servizo, a unha clientela cada vez maior e máis exixente, á que se debe intentar fidelizar, como estratexia básica ante o incremento da competencia.
  4. A evolución profesional, canto ás funcións que desempeñará este persoal titulado, relaciónase coas de dirección, comercialización dos produtos e organización das unidades de produción e servizo en cociña, entre outras. A evolución relacionada co avance tecnolóxico vaise traducir na introdución de novas maquinarias, ferramentas e produtos. Por último, a evolución organizativa dependerá, en grande medida, das características dos equipamentos e da maquinaria, esta, á súa vez, ao tipo de oferta gastronómica.
  5. No referente á organización da produción e das tarefas, é de salientar a produción en cociñas centrais, que facilita a estandarización dos procesos e o óptimo aproveitamento dos recursos.
- Tendo en conta o anterior deberíase adaptar a formación, na medida do posible, á realidade na que vive e vai vivir o alumnado respecto ao futuro profesional.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os sistemas de produción culinaria.	Nesta UD describíranse e analizaranse os sistemas de produción culinaria relacionándoos cos de distribución e servizo e coas fórmulas de restauración, aprendendo a reflexar as fases en diagramas de fluxo. Decídase cales son as técnicas culinarias e os métodos de conservación máis axeitados a cada sistema tendo en conta as vantaxas e os inconvenientes. Indícarase cómo atopar a normativa necesaria para coñecerla.	60	25
2	Deseño de espazos e equipamentos nunha cociña.	Nesta UD trátase o asesoramento e o deseño de instalacións adecuadas aos sistemas de produción tendo en conta a normativa relacionada. Térase en conta a normativa sobre seguridade e hixiene, a funcionalidade, a operatividade e a produtividade. Tamén se deseñarán os espazos especificando zonas e anexos necesarios e os circuitos e fluxos tendo en conta o volume de traballo. Sinalarase o equipamento adecuado a cada sistema de produción incluíndo as novas tecnoloxías.	22	9
3	Programación de actividades de produción e servizo en cociña.	Nesta UD aprenderase cómo organizar as actividades de produción e servizo, tendo en conta os documentos necesarios, a oferta, as necesidades e control de aprovisionamento e tratamento de materias primas e tamén de persoal, asignando as tarefas ao persoal en cada momento. Trátase sobre a comunicación e coordinación cos outros departamentos. Estudarase o sistema APPCC (control en cada fase para identificar os PCC) e as GPCH realizando os diagramas de procesos e protocolos necesarios. Repasarase o concepto de trazabilidade.	62	25
4	Supervisión de procesos de produción e/ou servizo en cociña.	Nesta UD aprenderase sobre cómo controlar o cumprimento dos protocolos establecidos (sobre aprovisionamento, elaboración, conservación, servizo/distribución...) sobre todo os que teñen que ver co cumprimento da normativa sobre seguridade e hixiene alimentaria. Trátanse aspectos que teñen que ver coas modificacións na oferta, a información ao persoal dos aspectos gastronómicos de cada elaboración e do seu montaxe e presentación. Falarase do feedback co cliente.	60	25
5	Control de consumos.	Nesta UD coñeceranse todos os documentos empregados no control do consumo na cociña : fichas técnicas, escandallos, rendementos e mermas...; atenderase á importancia da actualización de toda a información segun sexa necesario : fichas de produción, cálculos... Estudarase cómo facer informes para as outras áreas e trátanse as posibilidades das aplicacións informáticas para a restauración.	40	16



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os sistemas de produción culinaria.	60

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece sistemas de produción culinaria, e identifica as súas características e as súas especificidades.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense e analízanse os sistemas de produción culinaria.
CA1.2 Caracterízanse os sistemas de distribución e servizo, de ser o caso.
CA1.3 Relaciónanse os sistemas de produción cos sistemas de distribución culinaria e viceversa.
CA1.4 Recoñécense os métodos de cociñado e conservación asociados aos sistemas de produción e distribución.
CA1.5 Exemplifícanse mediante diagramas os procesos e os subprocesos relacionados con cada sistema de produción en cociña.
CA1.6 Clasifícanse e caracterízanse os sistemas de produción en cociña, e valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada un.
CA1.7 Relaciónanse os sistemas de produción culinaria coas fórmulas de restauración.
CA1.8 Identifícanse e analízanse os factores que determinan a elección dos sistemas de produción en cociña.
CA1.9 Recoñeceuse e analizouse a normativa relacionada cos sistemas de produción culinaria.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de produción culinaria: descrición e análise.
Sistemas de distribución e servizo, de ser o caso, de cada sistema de produción: características.
Métodos de cociñado e conservación asociados aos sistemas de produción e distribución: abatemento, EAM, baleiro, pasteurización, esterilización, etc.
Vantaxes e inconvenientes dos sistemas produtivos.
Relacións entre os sistemas de produción culinaria e os tipos de restauración.
Factores que determinan a elección dun sistema de produción.
Definición de procesos de preelaboración, conservación, envasamento, preparación e acabamento de xéneros e produtos culinarios.
Asociación das técnicas correspondentes cos procesos e os plans de produción culinaria.
Relacións entre procesos de elaboración culinaria e proceso de servizo. O comedor e a lóxica de servizo.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Deseño de espazos e equipamentos nunha cociña.	22

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Asesora no deseño de espazos e equipamentos, e determina as infraestruturas mobiliarias e inmobiliarias acordes a cada sistema produtivo.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as condicións xerais das instalacións e os equipamentos asociadas aos sistemas produtivos en cociña.
CA2.2 Tívoe en conta a normativa en materia de infraestruturas inmobiliarias nos espazos de cociña, así como a aplicación dos principios de hixiene.
CA2.3 Identifícanse os aspectos previos que cumpra ter en conta para o deseño de espazos en cociña.
CA2.4 Recoñécense os condicionantes de seguridade alimentaria relacionados co deseño de espazos en cociña.
CA2.5 Analizáronse os aspectos de funcionalidade que cumpra ter en conta para o deseño de espazos e equipamentos en cociña.
CA2.6 Relacionáronse os conceptos de operatividade ou produtividade coa mellora dos procesos, as previsións de crecemento, e os espazos e os equipamentos en cociña.
CA2.7 Identifícanse e distribúense as zonas e os anexos necesarios para a produción, o servizo, a distribución e o almacenamento en cociña.
CA2.8 Defínense os circuitos e os fluxos de mercadorías, persoal, produtos, transporte e distribución nas zonas determinadas.
CA2.9 Tívoe en conta a relación entre o deseño dos espazos e equipamentos e o volume previsto de produción ou servizo en cociña.
CA2.10 Identifícanse os equipamentos adecuados a cada zona, en relación cos sistemas de produción culinaria.
CA2.11 Recoñécense as novas tecnoloxías relacionadas cos equipamentos en cociña.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Espazo de cociña: características xerais das instalacións segundo os sistemas de produción.
Comparación de estruturas de locais e zonas de produción culinaria.
Equipamentos de cociña: propostas de colocación e distribución en planta de equipamentos e instalacións.
Criterios de deseño: Seguridade alimentaria (limpeza, contaminación cruzada, xestión de residuos, almacenamento de materiais, etc). Funcionalidade dos espazos. Delimitación e interrelación de zonas (frías, quentes, de distribución e servizo, de almacename

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Programación de actividades de produción e servizo en cociña.	62

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Programa actividades para a produción e o servizo en cociña, para o que determina e planifica os recursos materiais e humanos.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a información incluída nos documentos relacionados coa produción en cociña.
CA3.2 Relacionouse a produción culinaria coas ofertas gastronómicas.
CA3.3 Calculáronse e determináronse os recursos materiais e humanos necesarios para a produción, e establecéronse as funcións de cada integrante do equipo de cociña.
CA3.4 Realizáronse os cuadrantes de calendarios e horarios do persoal do departamento.
CA3.5 Realizouse a distribución, a asignación de tarefas e a formulación de instrucións tendo en conta as exixencias de produción culinaria, as prioridades establecidas, e a capacitación e as características do persoal.
CA3.6 Planificáronse as fases da produción.
CA3.7 Coordináronse todas as actividades cos departamentos implicados.
CA3.8 Establecéronse os equipamentos, as máquinas, as ferramentas e os utensilios precisos.
CA3.9 Concretáronse as materias primas e os xéneros necesarios para os procesos, e determinouse o seu nivel de calidade.
CA3.10 Aplicáronse os sistemas de racións e gramaxes en función das necesidades nutricionais.
CA3.11 Calculouse o tempo asignado para a execución dos procesos e os procedementos.
CA3.12 Identificáronse as medidas de control relacionadas coa rastrexabilidade que cumpra realizar en cada fase da produción culinaria.
CA3.13 Identificáronse as medidas de control relacionadas co sistema APPCC que cumpra realizar en cada fase da produción culinaria e determináronse os puntos de control crítico.
CA3.14 Recoñeceuse o procedemento de realización da guía de prácticas correctas de hixiene (GPCH).
CA3.15 Realizáronse os diagramas de procesos e os protocolos necesarios.
CA3.16 Recoñecéronse e atendéronse as necesidades de información e formación do persoal sobre as actividades programadas.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Criterios de deseño: Seguridade alimentaria (limpeza, contaminación cruzada, xestión de residuos, almacenamento de materiais, etc). Funcionalidade dos espazos. Delimitación e interrelación de zonas (frías, quentes, de distribución e servizo, de almacename
Análise da documentación e a información previa relacionada coas actividades de produción en cociña: Selección e/ou determinación de ofertas. Estudo e cálculo de necesidades para determinar recursos materiais e humanos. Sistemas de racións e gramaxes.
Organigramas de persoal e funcións para as actividades de produción e/ou servizo, de ser o caso.

**Contidos**

Planificación e secuencia de fases e tarefas asociadas ás actividades de produción: Fases da produción culinaria. Estimación e asignación de tempos de produción culinaria. Elaboración de plans de produción culinaria: controis e aplicación. Rastrexabilidade

Definición das fases dos procesos, riscos na execución, e control de resultados intermedios e finais.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Supervisión de procesos de produción e/ou servizo en cociña.	60

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Supervisa procesos de produción e/ou servizo en cociña, e controla todos os elementos e as variables que os caracterizan.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Controlouse o cumprimento dos protocolos previstos para as operacións previas, as técnicas de cocción e o acabado de produtos culinarios.
CA4.2 Controlouse o cumprimento dos protocolos previstos para a presentación, o servizo, o envasamento, o transporte e a distribución de produtos culinarios.
CA4.3 Controlouse o tempo desde a terminación do prato e a recollida por parte do servizo, e asegurouse a maior rapidez posible, sen afectar a temperatura do prato nin os tempos de espera por parte da clientela.
CA4.4 Coordináronse todas as actividades cos departamentos implicados.
CA4.5 Recoñecéronse os produtos culinarios máis adecuados ás técnicas relacionadas cos sistemas produtivos.
CA4.6 Deseñáronse e realizáronse novos produtos culinarios en función das características dos procesos culinarios.
CA4.7 Transmitíuselle ao persoal de servizo a información sobre a composición, o tempo de servizo e as técnicas de elaboración do prato, de modo que se asegure a súa explicación á clientela.
CA4.8 Explicóuselle ao persoal do comedor o protocolo e o xeito correcto de servir o prato, desde o punto de vista gastronómico, para asegurar un servizo consonte as devanditas pautas.
CA4.9 Recoñecéronse as novas tecnoloxías aplicadas nos procesos de produción culinaria.
CA4.10 Realizáronse elaboracións culinarias aplicando os procedementos asociados a cada sistema de produción en cociña.
CA4.11 Realizáronse as elaboracións culinarias seguindo os procedementos establecidos, para o seu consumo diferido no tempo ou para o seu consumo inmediato.
CA4.12 Recoñecéronse as prioridades no consumo de elaboracións para determinar obxectivos da súa venda.
CA4.13 Tivéronse en conta as observacións da clientela transmitidas polo persoal de servizo sobre a elaboración e a presentación dos pratos, ou sobre as súas curiosidades e os seus gustos gastronómicos, para a toma de decisións en canto a variación do prato ou a
CA4.14 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Definición de procesos de preelaboración, conservación, envasamento, preparación e acabado de xéneros e produtos culinarios.
Valoración das opinións da clientela e toma de decisións.
Obxectivos de venda. Prioridades no consumo das elaboracións.
Deseño e realización de produtos culinarios acordos coas técnicas asociadas aos sistemas produtivos.
Aplicación de novas tecnoloxías nos procesos de elaboración culinaria.

**Contidos**

Procedementos de execución de elaboracións culinarias atendendo ás características dos sistemas de produción e distribución ou servizo, de ser o caso.

Definición das fases dos procesos, riscos na execución, e control de resultados intermedios e finais.

Asociación das técnicas correspondentes cos procesos e os plans de produción culinaria.

Aplicación de protocolos e controis relacionados coas operacións previas e coas técnicas de cocción e de acabamento de produtos culinarios, con respecto á hixiene, a distribución das materias primas e as operacións de preelaboración, entre outras.

Aplicación de protocolos de actuación e controis previstos para a presentación, o servizo, o envasamento, o transporte e a distribución de produtos culinarios.

Relacións entre procesos de elaboración culinaria e proceso de servizo. O comedor e a lóxica de servizo.

Coordinación da produción culinaria co servizo: control de tempos.

Transmisión de información sobre composición, tempo de servizo e técnicas de elaboración de pratos.

Protocolo e xeito correcto de servir os pratos, desde o punto de vista gastronómico.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Control de consumos.	40

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Controla consumos e analiza a documentación e a información necesarias para cumprir os orzamentos establecidos.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Describiuse toda a documentación necesaria para o control dos consumos en cociña.
CA5.2 Analizáronse actualizáronse as fichas técnicas de produción, en caso necesario.
CA5.3 Realizáronse os cálculos de consumo por actividade, por períodos determinados, etc.
CA5.4 Formalizáronse os documentos para o control de consumos.
CA5.5 Calculáronse as desviacións entre os consumos reais e as previsións predeterminadas.
CA5.6 Formalizáronse os informes preceptivos ás áreas de administración e xestión da empresa.
CA5.7 Utilizáronse aplicacións informáticas relacionadas co control de consumos en empresas de restauración.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Documentación relacionada cos consumos e os custos nas unidades de produción en cociña. Fichas de produción. Análise, axuste e actualización de custos de materias primas, rendementos e escandallos. Fichas de control de consumos: por actividade ou servizo, Aplicacións informáticas relacionadas co control de consumos en restauración.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### 5 a) Mínimos exigibles

Os mínimos exigibles serán os seguintes :

CA1.1. Descríbense e analízanse os sistemas de produción culinaria. CA1.2. Caracterízanse os sistemas de distribución e servizo, de ser o caso. CA1.3. Relacionáronse os sistemas de produción cos sistemas de distribución culinaria e viceversa. CA1.4. Recoñécéronse os métodos de cociñado e conservación asociados aos sistemas de produción e distribución. CA1.5. Exemplificáronse mediante diagramas os procesos e os subprocesos relacionados con cada sistema de produción en cociña. CA1.6. Clasifícanse e caracterízanse os sistemas de produción en cociña, e valoráronse as vantaxes e os inconvenientes de cada un.

CA2.1. Descríbense as condicións xerais das instalacións e os equipamentos asociadas aos sistemas produtivos en cociña. CA2.2. Tívoise en conta a normativa en materia de infraestruturas inmobiliarias nos espazos de cociña, así como a aplicación dos principios de hixiene. - CA2.4. Recoñécéronse os condicionantes de seguridade alimentaria relacionados co deseño de espazos en cociña. CA2.5. Analizáronse os aspectos de funcionalidade que cumpra ter en conta para o deseño de espazos e equipamentos en cociña. CA2.7. Identifícanse e distribúronse as zonas e os anexos necesarios para a produción, o servizo, a distribución e o almacenamento en cociña. CA2.8. Defíníronse os circuitos e os fluxos de mercadorías, persoal, produtos, transporte e distribución nas zonas determinadas. CA2.10. Identifícanse os equipamentos adecuados a cada zona, en relación cos sistemas de produción culinaria.

CA3.1. Analízouse a información incluída nos documentos relacionados coa produción en cociña. CA3.2. Relacionouse a produción culinaria coas ofertas gastronómicas. CA3.3. Calculáronse e determináronse os recursos materiais e humanos necesarios para a produción, e establecéronse as funcións de cada integrante do equipo de cociña. CA3.5. Realizouse a distribución, a asignación de tarefas e a formulación de instrucións tendo en conta as exigencias de produción culinaria, as prioridades establecidas, e a capacitación e as características do persoal. CA3.6. Planificáronse as fases da produción. CA3.7. Coordináronse todas as actividades cos departamentos implicados.

CA3.9. Concretáronse as materias primas e os xéneros necesarios para os procesos, e determinouse o seu nivel de calidade. CA3.12. Identifícanse as medidas de control relacionadas coa rastrexabilidade que cumpra realizar en cada fase da produción culinaria. CA3.13. Identifícanse as medidas de control relacionadas co sistema APPCC que cumpra realizar en cada fase da produción culinaria e determináronse os puntos de control crítico. CA3.14. Recoñeceuse o procedemento de realización da guía de prácticas correctas de hixiene (GPCH).

CA4.1. Controlouse o cumprimento dos protocolos previstos para as operacións previas, as técnicas de cocción e o acabado de produtos culinarios. CA4.2. Controlouse o cumprimento dos protocolos previstos para a presentación, o servizo, o envasamento, o transporte e a distribución de produtos culinarios. CA4.4. Coordináronse todas as actividades cos departamentos implicados. CA4.5. Recoñécéronse os produtos culinarios máis adecuados ás técnicas relacionadas cos sistemas produtivos. CA4.7. Transmitíuselle ao persoal de servizo a información sobre a composición, o tempo de servizo e as técnicas de elaboración do prato, de modo que se asegure a súa explicación á clientela. CA4.10. Realizáronse elaboracións culinarias aplicando os procedementos asociados a cada sistema de produción en cociña. CA4.11. Realizáronse as elaboracións culinarias seguindo os procedementos establecidos, para o seu consumo diferido no tempo ou para o seu consumo inmediato. CA4.13. Tivéronse en conta as observacións da clientela transmitidas polo persoal de servizo sobre a elaboración e a presentación dos pratos, ou sobre as súas curiosidades e os seus gustos gastronómicos, para a toma de decisións en canto a variación do prato ou incorporación de novidades. CA4.14. Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénicosanitaria, de seguridade laboral e de protección ambiental.

CA5.1. Descríbiuse toda a documentación necesaria para o control dos consumos en cociña. CA5.2. Analizáronse actualizáronse as fichas técnicas de produción, en caso necesario. CA5.3. Realizáronse os cálculos de consumo por actividade, por períodos determinados, etc. CA5.4. Formalizáronse os documentos para o control de consumos.

### 5 b) Criterios de cualificación



A avaliación continua terá en conta o seguinte:

O criterio seguido para a cualificación será a análise das evidencias arroxadas polos distintos instrumentos de avaliación, a través das probas escritas e as producións do alumnado e a observación en taller cando se realicen os simulacros de organización e xestión. Serán tidos en conta os documentos relacionados coa xestión en cociña.

O peso na avaliación de cada UD será o indicado no punto 3.a da presente programación.

Unha parte sobre coñecementos e unha sobre desempeños que se avaliarán dun xeito independente. As probas puntuaranse de 0 a 10.

1º) PARTE DE COÑECEMENTOS (medirá a parte conceptual dos contidos do módulo):

Probas escritas que incluírán exames tipo test, preguntas cortas, desenvolvemento dun tema, exposicións orais, resolución de supostos prácticos ou combinacións de diferentes tipos de preguntas, .... éstas probas representarán a porcentaxe indicada en cada unha das UD para este tipo de instrumentos de avaliación.

2º) PARTE SOBRE DESEMPEÑOS (medirá a parte procedimental dos contidos do módulo):

Utilizando os instrumentos de avaliación,:

- táboas de observación, que se aplicarán sobre os procedementos, reflexados en documentos e realizados polo alumnado na aula-taller e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UD para este instrumento,
- táboas de indicadores, que reflexen o grado de consecución de distintos indicadores que se aplicarán sobre tarefas ou produtos rematados e que suporán a porcentaxe indicada nos criterios de avaliación asociados a este tipo de instrumento nas distintas UD,
- outros, dependendo da UD.

A nota de cada avaliación resultará da media aritmética dos resultados das distintas probas.

Se un alumno ou alumna non asiste a unha determinada sesión ou a unha proba ou exame programados previamente, non se lle fará outro día (excepto causa perfectamente xustificada). Isto significa que as probas se terán que facer na data sinalada para todo o grupo e non se farán excepcións particulares. De ahí que se plantexe un período e un plan de recuperación das partes perdidas o non acadadas nos obxectivos antes de que remate o curso (no mes de xuño, antes da avaliación final). Igualmente, en caso de que o alumnado tivera que facer un traballo ou unha actividade escrita, haberá un prazo de entrega marcado de antemán para ser correxido. De entregarse fóra de prazo, o traballo non será valorado.

OBSERVACIONES A TER EN CONTA :

O número de probas a realizar dependerá estrictamente do desenvolvemento do curso e as características do grupo de alumnos e do seu progreso académico.

Ó ser un número elevado de alumnos por grupo todo dependerá do ritmo do proceso de ensino-aprendizaxe e as dificultades que poideran aparecer.

De todos xeitos ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas.

Do mesmo xeito, aquel alumno/a que non cumpra coa uniformidade completa o coas normas de seguridade e hixiene explicadas de antemán polo profesor, ou que perxudique as normas de convivencia o de respecto mínimas non permanecerá na aula máis tempo (de clase ou de taller de cociña) ou non poderá acceder ós talleres de prácticas e será derivado a xefatura de estudos e someterase a outras actuacións de tipo disciplinario que se decidirán segundo o caso concreto.

A bibliografía na que se basa este módulo é

- O libro de Nuria Pérez e Juan José Civera titulado "Gestión, organización y planificación de la producción culinaria" da Editorial Síntesis.
- O libro de Daniel Galy titulado "Gestión de la producción en cocina" da Editorial Paraninfo.
- O libro de Angela Asensi, Elena Martínez e Francisca Sempere titulado "Gestión de la producción en cocina" da Editorial Altamar
- O Banco de Recursos de FP da Xunta de Galicia

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumno/a adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos. No seu caso o alumno deberá presentar os traballos correspondentes.

Estas actividades e traballos organizaránse de forma personalizada, a súa descrición, obxectivos e instrucións para o seu desenvolvemento facilitaráselle ao alumno/a xunto co informe individualizado de avaliación correspondente.

No suposto de ter este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades e probas programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados.

#### CRITERIOS SOBRE A NOTA FINAL:

Os alumnos con dereito a avaliación continua que aproben as 2 avaliacións terán polo menos unha nota de avaliación final media das calificacións obtidas nas avaliacións previas.

Os alumnos que suspendan algunha ou toda-las avaliacións, terán un período de recuperación dos contidos non superados mediante probas de recuperación teóricas, ou prácticas ou ambas dúas cousas durante o período lectivo marcado para a recuperación do módulo. Na calificación final analizaríanse todo-los datos de forma pormenorizada e do conxunto do curso.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perderan o dereito á avaliación continua terán que realizar unhas probas que incluírán tódolos contidos do módulo. Consistirán nunha proba escrita e nunha proba práctica/suposto práctico. A calificación das probas escritas, nas cales se avaliará a adquisición de competencias conceptuais, suporá o 50% da nota final e a calificación das competencias procedimentais, suporá o outro 50%.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua podería consistir:

Actividades prácticas similares as realizadas ao longo do curso na aula/taller, que o alumno realizará mediante unha proba práctica/suposto práctico en tempo e forma (a criterio do profesor).

Nunha proba teórica conceptual de todo os contidos do módulo.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo unha puntuación total de 5 .

Estas probas desenvolveranse a mediados-finais do mes de xuño, antes da avaliación final ordinaria do módulo. Estarán referenciadas en base á totalidade dos contidos e procedementos contemplados na presente programación.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitira coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo. Tendo en conta que se trata do segundo ano do ciclo superior, inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo e nos contidos do módulo de elaboracións básicas, impartido no primeiro ano, xa que está estreitamente relacionado co presente.

Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Imos partir da premisa de que estamos educando nunha escola de (EPT), EDUCACIÓN PARA TODOS, onde a integración entre o alumnado levarase a cabo en todo momento. As medidas para atender a diversidade do alumnado materialízanse a través de:

Axustes na metodoloxía, adaptando as axudas e recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos.

Actividades diferenciadas, propoñendo, aos alumnos/as que presentan algunha dificultade para traballar certos contidos, actividades que lles permitan aproximarse a estes, ou ben actividades de ampliación na materia, para aqueles alumnos con maiores capacidades.

Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.

Agrupamentos flexibles, subdividindo o grupo da clase en varios grupos homoxéneos. Estes agrupamentos revisaranse con frecuencia.

#### b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15. De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado

con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

#### 9.1.1 Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

Atendendo os obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

\*Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.

\*Situación do galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.

\*Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.

#### 9.1.2 Fomento do Plurilingüismo.

Atendendo os obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

\*Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia.

Faremos una educación onde non exista discriminación por razón de raza, sexo, orientación sexual, xénero ou calquera outra. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Intentar facer un ideario de Centro educativo, onde os valores sexan una das máximas.

Tamén será posta en valor a nosa tradición culinaria, especialmente en canto ao coñecemento das materias primas empregadas na cociña tradicional así como os produtos típicos propios da nosa comunidade autónoma.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En situación normal as actividades que se contemplarían serían as que se enumeran a continuación pero este ano, concretamente, non se ve viable nin seguramente darlles prioridade pola especial situación que estamos a vivir pola pandemia. Neste momento non procede ningunha actividade que supoña risco para a saúde do colectivo.

#### Actividades complementarias

Dentro das actividades complementarias encadranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

Semanas ou xornadas gastronómicas.

Presentación de produtos.

Presentación de equipos.

Conferencias e charlas especializadas.

Cursos monográficos

E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración do IES con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico.

#### Actividades extraescolares

Visita a establecementos con diferentes sistemas de produción culinaria, liña tradicional e liña de restauración para colectividades.

Visita a feiras (Etiqueta Negra, Sirha...).

As actividades complementarias, cando o implique a súa propia natureza, consideraranse extraescolares.

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0501	Xestión da calidade e da seguridade e hixiene alimentarias	2021/2022	3	80	80
MP0501_12	Seguridade e hixiene alimentarias	2021/2022	3	50	50
MP0501_22	Xestión da calidade	2021/2022	3	30	30

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LEONOR MARIA VÁZQUEZ LÓPEZ
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal como se establece no Decreto 83/2011 do currículo do ciclo superior de dirección de cociña :

A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo en cociña, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, a produción e o servizo, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais, que se desenvolven nesta programación son as seguintes:

- a) Realizar o aprovisionamento, o almacenamento e a distribución de materias primas, en condicións idóneas, e controlar a calidade e a documentación relacionada.
- b) Verificar os procesos de envasamento e/ou conservación dos xéneros e as elaboracións culinarias, aplicando os métodos apropiados e utilizando os equipamentos idóneos, para preservar a súa calidade e evitar riscos alimentarios.
- c) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- d) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e de deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.

En relación o seu contorno profesional:

1. As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, nomeadamente do sector da hostalaría e, en concreto, do subsector de restauración. Poden actuar en pequenos establecementos, en moitas ocasións como propietario ou propietaria e responsable de cociña simultaneamente. Malia desenvolver habitualmente a súa actividade profesional en establecementos de carácter privado, tamén pode desenvolve-la en establecementos públicos, fundamentalmente nos sectores educativo, sanitario e de servizos sociais. Cando non actúan por conta propia, realizan as súas funcións baixo a dependencia da dirección do establecemento, sexa este un hotel ou sexa outro tipo de aloxamento ou establecemento de restauración.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Director/ora de alimentos e bebidas.

Director/ora de cociña.

Xefe/a de produción en cociña.

Xefe/a de cociña.

Segundo/a xefe/a de cociña.

Xefe/a de operacións de cátering.

Xefe/a de partida.

Cociñeiro/a.

Encargado de economato e adega.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución a seguridade alimentaria	Principal normativa seguridade e hixiene alimentaria na restauración, trazabilidade, protocolo alertas alimentaria e normativa etiquetado	8	12
2	Riscos e intoxicacións alimentarias	Analizar as enfermidades de transmisión alimentaria ( ETAS), os tipos, axentes causantes e mecanismos específicos de prevención	9	14
3	Limpeza e desinfección de equipamentos e instalacións	Coñecer o plan de limpeza e desinfección. Conceptos e niveis de limpeza. Perigos sanitarios	9	14
4	Aplicación de boas prácticas de manipulación de alimentos	Coñecer os métodos de conservación de alimentos. Identificar as boas prácticas e medios de protección de feridas do manipulador	8	13
5	Aplicación de sistemas de autocontrol	Analizar os sistemas de autocontrol como medidas de protección de control dos perigos sanitarios na manipulación de alimentos.	9	14
6	Aplicación de boas prácticas medioambientais	Analizar o impacto ambiental provocado pola industria alimentaria.	7	8
7	Identificación dos sistemas de xestión de calidade	Identifica os sistemas de xestión de calidade e os pasos para o seu deseño e posta en marcha	16	13
8	Control da aplicación das normas de calidade	Definir os métodos e as ferramentas para a medición da calidade.	14	12

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución a seguridade alimentaria	8

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa a limpeza e a desinfección dos utensilios, os equipamentos e as instalacións, e valora a súa repercusión na calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.	NO
RA2 - Verifica as boas prácticas hixiénicas, para o que avalía os perigos asociados aos malos hábitos hixiénicos.	NO
RA3 - Aplica os sistemas de autocontrol baseados na análise de perigos e puntos de control críticos (APPCC) e de control da rastrexabilidade, e xustifica os principios asociados a estes.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os requisitos hixiénico-sanitarios que deben cumprir os equipamentos, os utensilios e as instalacións de manipulación de alimentos.
CA1.2 Avaliáronse as consecuencias para a inocuidade dos produtos e a seguridade dos consumidores dunha limpeza e unha desinfección inadecuadas.
CA2.7 Recoñécéronse os procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias
CA3.6 Relacionouse a rastrexabilidade coa seguridade alimentaria.
CA3.7 Documentouse e trazouse a orixe, as etapas do proceso e o destino do alimento.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Rastrexabilidade: orixe, proceso e destino do alimento.
Procedementos de actuación fronte a alertas alimentarias.
Rastrexabilidade e seguridade alimentaria.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Riscos e intoxicacións alimentarias	9

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Verifica as boas prácticas hixiénicas, para o que avalía os perigos asociados aos malos hábitos hixiénicos.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícanse os perigos sanitarios, así como os principais riscos e as toxiinfeccións que se asocian aos malos hábitos.
CA2.2.2 Identifícanse os principais riscos e as toxiinfeccións que se asocian aos malos hábitos
CA2.3 Identifícanse os axentes causantes dos riscos e as súas medidas de prevención, en caso de que existan.
CA2.3.1 Identifícanse os axentes causantes dos riscos no caso de que existan.
CA2.3.2 Identifícanse as medidas de prevención.
CA2.6 Enumeráronse as doenzas de obrigada declaración, e identifícanse as alerxias e as intolerancias alimentarias.
CA2.6.2 Enumeráronse e identifícanse as alerxias e as intolerancias alimentarias

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Perigos sanitarios. Riscos e toxiinfeccións asociados aos malos hábitos de hixiene.
Doenzas, alerxias e intolerancias alimentarias: medidas de prevención.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Limpeza e desinfección de equipamentos e instalacións	9

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Supervisa a limpeza e a desinfección dos utensilios, os equipamentos e as instalacións, e valora a súa repercusión na calidade hixiénico-sanitaria dos produtos.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Descríbense os procedementos, as frecuencias e os equipamentos de limpeza e desinfección (LD).
CA1.4 Compróbase a limpeza e a desinfección cos produtos establecidos, de xeito que se asegure a súa completa eliminación.
CA1.5 Descríbense os parámetros obxecto de control asociados ao nivel de limpeza ou desinfección requirido.
CA1.6 Recoñécense os tratamentos de desratización, desinsectación e desinfección (DDD).
CA1.6.1 Recoñécense os tratamentos de desratización, desinsectación (DDD).
CA1.6.2 Recoñécense os tratamentos de desinfección (DDD).
CA 1.5 Elaboráronse organigramas que correspondan aos modelos organizativos e ás novas tendencias entre as empresas do sector.	8,06 %
CA 1.6 Valoráronse os principios estruturais e organizativos das empresas de restauración como elementos fundamentais para a consecución dos obxectivos establecidos.	8,06 %
CA 1.7 Identificáronse as principais diferenzas entre o mercado de produtos e o de servizos.	8,06 %
<b>RA 2. Controla a xestión administrativa de áreas de restauración, para o que analiza a documentación e a información reflectida nela.</b>	<b>10,80 %</b>
CA 2.1 Xustificouse a finalidade da xestión da documentación nas empresas de restauración.	11,11 %
CA 2.2 Recoñeceu-se o circuíto da documentación e a finalidade no sector de restauración.	11,11 %
CA 2.3 Deseñáronse sistemas de rexistro da información reflectida nela.	11,11 %
CA 2.4 Identificáronse sistemas de arquivo da documentación xerada, emitida ou recibida.	11,11 %
CA 2.5 Clasificouse a información que reflicte a documentación segundo as necesidades empresariais.	11,11 %
CA 2.6 Recoñeceu-se a normativa básica relativa á xestión da documentación.	11,11 %
CA 2.7 Valorouse a importancia dunha correcta xestión da documentación administrativa, económica e financeira para mellorar o funcionamento empresarial ou departamental.	11,11 %
CA 2.8 Establecéronse sistemas de facturación e cobramento.	11,11 %
CA 2.9 Aplicáronse as novas tecnoloxías na xestión e na interpretación da documentación empresarial.	11,11 %
<b>RA 3. Controla os orzamentos das áreas de produción, e recoñece e determina a estrutura dos niveis de aprovisionamento, gastos e ingresos do seu departamento ou establecemento, segundo o caso.</b>	<b>40,40 %</b>
CA 3.1 Identificáronse os tipos de orzamentos que afectan a planificación de empresas de restauración.	7,92 %
CA 3.2 Caracterizáronse os elementos que conforman os orzamentos.	11,88 %
CA 3.3 Elaboráronse orzamentos de diversos tipos para a organización e a planificación das empresas de restauración, así como de áreas dentro destas.	3,96 %
CA 3.4 Establecéronse métodos de control orzamentario, xustificáronse racionalmente as posibles desviacións e aplicáronse medidas correctoras.	7,92 %
CA 3.5 Calculáronse os prezos de venda das ofertas gastronómicas do establecemento.	19,80 %
CA 3.6 Estableceuse a estrutura de custos en restauración	11,88 %
CA 3.7 Determinouse o limiar de rendibilidade segundo a oferta gastronómica e o tipo de establecemento ou servizo.	15,84 %
CA 3.8 Establecéronse criterios de avaliación de provedores e seleccionáronse os que mellor se adaptan ás demandas empresariais.	5,94 %
CA 3.9 Establecéronse métodos de valoración de existencias.	11,88 %
CA 3.10 Aplicáronse sistemas ofimáticos e de comunicación na xestión departamental ou empresarial.	2,97 %
<b>RA 4. Avalía os tipos de empresas de restauración e analiza a súa situación no mercado.</b>	<b>10,00 %</b>
CA 4.1 Recoñeceu-se a normativa autonómica e/ou estatal sobre tipoloxía e clasificación dos establecementos de restauración.	10,00 %
CA 4.2 Recoñecéronse os tipos de empresas tradicionais de restauración.	10,00 %
CA 4.3 Identificáronse as novas tendencias empresariais en restauración.	10,00 %
CA 4.4 Describiuse a tipoloxía das empresas de restauración segundo a normativa autonómica e/ou estatal.	10,00 %
CA 4.5 Identificáronse os factores e as motivacións da demanda.	10,00 %

Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	%
CA 4.6 Clasifícase a clientela segundo a súa tipoloxía.	10,00 %
CA 4.7 Caracterízanse os elementos determinantes da demanda: socioculturais, económicos e demográficos.	10,00 %
CA 4.8 Investigáronse as tendencias actuais da demanda.	10,00 %
CA 4.9 Valorouse a importancia de coñecer a situación do mercado e as tendencias da oferta.	20,00 %
<b>RA 5. Elabora o plan de comercialización propio das empresas de restauración, establece as características dos elementos que o conforman, e diseña estratexias e accións.</b>	<b>10,80 %</b>
CA 5.1 Conceptualizouse o plan de comercialización ou de márketing.	22,22 %
CA 5.2 Establecéronse obxectivos para conseguir co plan de comercialización.	11,11 %
CA 5.3 Diseñáronse as estratexias e as accións necesarias para realizar o plan de comercialización.	11,11 %
CA 5.4 Realizouse a planificación económica do plan de comercialización.	11,11 %
CA 5.5 Identifícanse sistemas de control do plan de márketing e das súas desviacións.	11,11 %
CA 5.6 Diseñouse a presentación do plan de comercialización.	22,22 %
CA 5.7 Valorouse a importancia da aplicación do plan de comercialización para alcanzar os obxectivos da empresa.	11,11 %
<b>RA 6. Diseña ofertas gastronómicas, e caracteriza e selecciona os elementos que as configuran e as súas variables.</b>	<b>15,60 %</b>
CA 6.1 Caracterízanse os principais tipos de ofertas gastronómicas.	23,08 %
CA 6.2 Relacionáronse as ofertas coas fórmulas de restauración.	7,69 %
CA 6.3 Tivéronse en conta as características e as necesidades da clientela na confección de ofertas, así como as novas tendencias.	7,69 %
CA 6.4 Considerouse o tipo de establecemento, a estacionalidade, a situación, o tipo de clientela e outros factores.	7,69 %
CA 6.5 Defíníronse as necesidades de variación e rotación da oferta.	15,38 %
CA 6.6 Tivéronse en conta os principios básicos para o deseño físico da carta gastronómica.	12,82 %
CA 6.7 Aplicáronse técnicas de promoción e publicidade.	6,41 %
CA 6.8 Aplicáronse técnicas de márketing relacionadas cos prezos.	12,82 %
CA 6.9 Controlouse o grao de satisfacción da clientela.	6,41 %

## 5.5 Observacións sobre os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles aparecen expresados nominalmente en cada CA, ao ser unha programación de tipo 2.

Nas avaliacións ordinarias, cada unidade didáctica terá unha cualificación de 0 e 10.

A ter en conta:

- 1) O alumnado deben demostrar que superan o coñecemento dos contidos mínimos para aprobar o módulo correspondente, alcanzando para iso como mínimo, a cualificación de 5.
- 2) A cualificación en cada avaliación e final será a media ponderada das notas establecidas segundo as actividades de cada unidade.
- 3) De non ter aprobadas todas as avaliacións, os alumnos deberán recuperar aquelas actividades que estean suspensas no periodo estipulado.
- 4) As probas escritas serán unha combinación de cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver e cuestións curtas, así como exercicios de cálculo nas unidades que dispoñan destes contidos.
- 5) Os traballos ou proxectos a presentar de xeito oral ou escrito serán supostos e probas prácticas a desenvolver polo alumnado coa coordinación da profesora. Todos estes traballos entregaranse mediante a plataforma do módulo (EDMODO), onde se calificará a súa presentación escrita mediante unha lista de cotexo. Non se permitirá, salvo causa xustificada, a entrega por outra vía.

- 6) Nos traballos e exercicios prácticos propostos: Valorarase a creatividade, a iniciativa, o esforzo e a autosuficiencia na busca de información e no manexo de bibliografía especializada. Terase en conta a presentación, a capacidade crítica, a capacidade comunicativa e a organización na exposición. Todas estas cuestións veranse reflectidas nunha lista de cotexo ou rúbrica en cada caso, cuxo contido será coñecido con anterioridade á realización da tarefa polo alumnado. É preciso observar que é requisito imprescindible presentar os anteditos traballos na data sinalada a tal fin para ter dereito a superar a avaliación.
- 7) O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario, deben examinarse de toda a materia, no seu caso, nas probas extraordinarias ao efecto.
- 8) Os/as alumnos/as que decidan presentarse á recuperación final para subir nota poderán facelo. A nota final que acadarán neste caso será a nota que resulte máis favorable ao alumnado.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ademais das dúas avaliacións ordinarias que se realizarán durante o curso e tras a comprobación dos resultados obtidos, proporanse reforzos curriculares específicos para cada un dos alumnos e alumnas que o requiran. Os criterios a seguir estarán baseados nos contidos mínimos para poder alcanzar unha avaliación positiva. As actividades de recuperación que se realizarán estarán baseadas en criterios de realización dentro dos contidos mínimos. Ao final de cada avaliación, determinarase a data de recuperación dos contidos correspondentes. Como o termo de cada avaliación coincide con períodos vacacionais, especificaranse aqueles traballos, exercicios ou actividades de reforzo necesarios para a preparación da proba de recuperación que se realizará ao principio da nova avaliación, así como a entrega de traballos pendentes ou non superados. A variedade de actividades irá en función das necesidades de formación dos alumnos e alumnas que non alcanzaron os mínimos exixibles para lograr a avaliación positiva ao longo do curso.

Mecanismos/s para recuperar unha proba non superada: Se o alumnado non superase unha proba das encomendadas terá opción de repetila na recuperación, que se realizará conxuntamente coa seguinte proba da mesma índole proposta.

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada: Se o alumnado non superase unha avaliación terá opción de recuperar as partes non superadas coas seguintes probas de avaliación. No caso da segunda avaliación realizarase unha recuperación das partes non superadas antes do seu remate.

Alumnado que deberá realizar a recuperación: Deberá realizar a recuperación todo o alumnado que non alcanzase a cualificación de 5 puntos en calquera das avaliacións realizadas durante o curso. A recuperación realizarase adaptada aos criterios de avaliación pendentes de cada alumnado. A cualificación final da proba será a media aritmética de todas as partes correspondentes a un mesmo tipo de contido. O redondeo cara arriba será de aplicación cando a nota resultante sexa cun decimal superior a 7, ou a 5 se os contidos actitudinais están valorados positivamente.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Cando se perde o dereito a ser avaliado continuamente, o alumno/a ten dereito a un proceso de avaliación extraordinario ao rematar o módulo, antes do período ordinario da FCT, no mes de abril.

Para elo o alumno/a deberá superar as seguintes probas:

- Presentación dos traballos propostos da materia durante o curso non presentados.
- Proba teórico e práctica dos contidos mínimos do módulo non acadados.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No seguimento da programación teranse en conta as conclusións obtidas na avaliación inicial. Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestións periódicas aos alumnos nas que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumn@, a actitude coa que se enfrenta ao proceso de ensinanza aprendizaxe,

e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse:

- Cuestionario de motivación inicial. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo, información sobre o contido do mesmo, grao de experiencia, expectativas sobre o módulo.
- Cuestionario de coñecementos iniciais. Baseado nos contidos do módulo

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado que precise actividades de reforzo realizarán actividades de repaso e supostos prácticos coa profesora no horario estipulado, incidindo nas necesidades propias de cada un dos alumnos/as individualmente.

Realizaranse ademáis: elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos, pequenos traballos de búsqueda de información, de forma individualizada.

Repetición de prácticas

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, aulas e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

-Educación do consumidor.

Aprender a conservar e valorar na súa xusta medida os bens personais, como é o caso dos instrumentos empregados no sector turístico.

Valorar os produtos de consumo co obxetividade e saber adquirilos e consumilos de forma racional e equilibrada.

Apreciar o desenvolvemento sostible mediante a reciclaxe de materiais, o deseño e consumo racional de obxectos...

-Educación non sexista.

Interesarse por coñecer, respectar e valorar a opinión e produción dos compañeiros, independentemente do seu sexo e da súa aparencia, colaborar con tódolas persoas, independentemente do seu sexo ou condición e amosar unha actitude crítica ante situacións nas que a produza calquera tipo de discriminación por razón do sexo.

-Educación moral e cívica.

Manifestar actitudes propias sobre o sector da hostalería, visión crítica e actitude aberta a novas ideas, na resolución de problemas, interpretar o coñecemento do turismo técnico como unha ferramenta de traballo ao servizo da sociedade, e apreciar o noso patrimonio artístico e respetar as instalacións dos aloxamentos turísticos.

-Educación para a paz.

Apreciar a linguaxe da actividade da Hostalería e Turismo como medio de expresión e comunicación entre comunidades diversas.

Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema, así como amosar comprensión das diferentes culturas dos clientes que recibirán cada vez mais neste novo escenario da globalización

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Actividades complementarias

Dentro das actividades complementarias encádranse aquelas que se producen como resultado de eventos especiais que se poidan organizar no centro:

Semanas ou xornadas gastronómicas e turísticas.

Conferencias e charlas especializadas.

Cursos monográficos

Concurso Rodríguez Moldes

Outros actos realizados.

-E tamén outras dentro ou fora do centro como resultado da colaboración do CIFP con outras institucións ou organismos en actos de carácter benéfico ou non.

-Charlas e conferencias de profesionais da Hostalería e do sector turístico en xeral.

Actividades extraescolares

-As actividades extraescolares serán as previstas na xuntanza de ciclo e dependerá dos eventos que realicen as administracións `públicas e privadas segundo as circunstancias derivadas da crise pola COVID. Sería desexable a visita a feiras gastronómicas e de hostalería de carácter nacional e internacional.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Coñecemento da programación por parte do alumnado

A programación darase a coñecer ao alumnado nunha sesión explicativa na clase, onde se contestarán ás dúbidas que poidan xurdir sobre a mesma. Así mesmo, a programación unha vez supervisada será colgada na plataforma EDMODO no grupo do módulo e na aula virtual do CIFP Fraga do Eume para que o alumnado poida consultala cando así o desexe.

### 10.2) Sesións da programación

Unha vez consultado o calendario escolar para o ano 2021-2022 detéctase segundo o horario, que se impartirían 75 sesións, polo que a holgura poderá ser utilizada tanto para sesións de repaso como para avaliacións, sen contar posibles incidencias que poidan xurdir ao longo do curso



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0504	Recursos humanos e dirección de equipos en restauración	2021/2022	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FLORINDA DIVINA CACHEIRO LADO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Tal como se establece no Decreto 83/2011, do 20 de abril, do currículo do ciclo superior de dirección de cociña:

A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo en cociña, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, a produción e o servizo, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Definir os produtos que ofrece a empresa tendo en conta os parámetros do proxecto estratéxico.
- b) Diseñar os procesos de produción e determinar a estrutura organizativa e os recursos necesarios, tendo en conta os obxectivos da empresa.
- c) Determinar a oferta de produtos culinarios, tendo en conta as necesidades de produción.
- d) Programar actividades e organizar recursos, tendo en conta as necesidades de produción e os obxectivos prefixados.
- e) Realizar o aprovisionamento, o almacenamento e a distribución de materias primas, en condicións idóneas, e controlar a calidade e a documentación relacionada.
- f) Controlar a posta a punto de espazos, maquinaria, utillaxe e ferramentas.
- g) Verificar os procesos de preelaboración e/ou rexeneración que haxa que aplicar as materias primas para o seu posterior uso.
- h) Organizar a realización das elaboracións culinarias, tendo en conta a estandarización de procesos, para a súa posterior decoración, terminación ou conservación.
- i) Supervisar a decoración ou a terminación das elaboracións según as necesidades e protocolos establecidos, para a súa posterior conservación ou servizo.
- j) Verificar os procesos de envasado e/ou conservación dos xéneros e as elaboracións culinarias, aplicando os métodos axeitados e empregando equipos.
- k) Controlar o desenrolo dos servizos de cociña e coordinar a súa prestación, tendo en conta o ámbito de execución e os protocolos establecidos.
- l) Formalizar a documentación administrativa relacionada coas unidades de produción en cociña, para realizar controles presupuestarios, informes ou calquera actividade que poidera derivarse, empregando as tecnoloxías da información.
- m) Dar resposta a posibles solicitudes, suxerencias e reclamacións da clientela, para cumprir coas súas expectativas e lograr a súa satisfacción.
- n) Adaptarse as novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ó seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e recursos existentes na aprendizaxe ó longo da vida e empregando as tecnoloxías da información e comunicación.
- ñ) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoas e no dos membros dos equipos.
- o) Organizar e coordinar equipos de traballo e supervisar o desenrolo con responsabilidade, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderazgo e aportando solucións ós conflitos que se presenten no grupo.
- p) Comunicarse cos seus iguais, cos superiores, coa clientela e coas persoas baixo a súa responsabilidade empregando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información e os coñecementos axeitados e respetando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- q) Xerar ámbitos seguros no desenrolo do traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, dacordo co establecido pola normativa e os obxectivos da empresa.
- r) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade, de accesibilidade universal e deseño para todos, nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción e prestación de servizos.
- s) Realizar a xestión básica para a creación e funcionamento dunha pequena empresa e ter iniciativa na súa actividade profesional con sentido de responsabilidade social.
- t) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, dacordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas de restauración do sector público ou do privado.

Neste caso, realizan as súas funcións baixo a dependencia da dirección ou a xerencia dun restaurante, ou do superior xerárquico equivalente. Tamén poden desenvolver a súa actividade profesional no ámbito do comercio de viños e outras bebidas, ben na venda directa, ou ben na distribución ou na asesoría.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Director/ora de alimentos e bebidas.
- Director/oa de cociña.
- Xefe/a de produción en cociña
- Xefe/a de cociña.
- Segundo xefe/a de cociña.
- Xefe/a de operacións de cátering.
- Xefe/a de partida.
- Cociñeiro/a.
- Encargado/a de economato e adega.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución aos Recursos Humanos en Restauración	Definición e funcións do departamento de Recursos Humanos. Importancia dos Recursos humanos como factor clave para o éxito empresarial	6	14
2	Dirección, liderado e coaching en Restauración	Análise de dirección de equipos, liderado e coaching na restauración.	10	24
3	O posto de traballo	Definición dos distintos postos de traballo. Análise e descrición dos postos.	7	14
4	A planificación dos Recursos Humanos en Restauración	Características e fases da planificación do persoal en restauración.	10	14
5	Colaboración na selección de persoal	Fases e métodos de recrutamento e selección do persoal en Restauración.	13	21
6	Integración do persoal nas empresas de restauración	Manuais de acollida do persoal e plans de formación.	7	13

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución aos Recursos Humanos en Restauración	6

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse as novas tendencias empresariais en restauración cos equipos humanos.
CA2.1.1 Descríbiríñse as etapas na evolución do pensamento dos recursos humanos acordes a evolución das tendencias empresariais de organización.
CA2.1.1.1 Valorouse a importancia do empregado como factor clave para o éxito empresarial.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
<a href="#">Evolución dos Recursos Humanos</a> Novas tendencias na formación de equipos humanos en empresas hostaleiras.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Dirección, liderado e coaching en Restauración	10

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Dirixe os equipos aplicando as técnicas de xestión de recursos humanos para a consecución dos obxectivos.	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Describiuse o plan de dirección.
CA5.2 Caracterizáronse as normas da dirección de equipos.
CA5.3 Establecéronse os principios da dirección en función dos obxectivos.
CA5.4 Deseñáronse as estratexias e as accións necesarias de liderado.
CA5.5 Descríronse técnicas de dirección e dinamización de equipos e reunións de traballo para cada departamento.
CA5.6 Valorouse a importancia dunha boa dirección.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
<p>0 Valoración das opinións dos membros do equipo de traballo.</p> <p>Fomento da participación na achega de ideas, opinións e suxestións do persoal dependente.</p> <p>Integración dos obxectivos, as políticas e as directrices empresariais nas necesidades do grupo.</p> <p>Leis básicas da dirección de equipos.</p> <p>Plan de dirección.</p> <p>Figura directiva: funcións e responsabilidades.</p> <p>Principios da dirección. Estratexias e liderado. Estilos de liderado.</p> <p>Etapas na toma de decisións.</p> <p>Técnicas de reunións: clases e tipos.</p> <p>Técnicas de dirección e de dinamización de equipos.</p> <p>Sistemas de negociación e resolución de conflitos laborais.</p>

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O posto de traballo	7

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os postos de traballo e as súas funcións na área de restauración, e establece as características dos perfís profesionais.	NO
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Definíronse as características de cada posto de traballo correspondentes a persoal semicualificado e cualificado.
CA1.3 Caracterizáronse as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.
CA1.4 Definíronse os límites de responsabilidade, as funcións e as tarefas de cada posto de traballo.
CA1.5 Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco das empresas ou as áreas de restauración.
CA2.4 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas en restauración.
CA2.6 Establecéronse as técnicas dos métodos de medición de tempos.
CA2.8 Valorouse a normativa en materia laboral.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Métodos de definición de postos de traballo nas empresas de restauración.
Definición das funcións que cumpra desempeñar.
Establecemento de áreas de responsabilidade, funcións e tarefas do persoal dependente.
Principios deontolóxicos en empresas de restauración.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A planificación dos Recursos Humanos en Restauración	10

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os postos de traballo e as súas funcións na área de restauración, e establece as características dos perfís profesionais.	NO
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as etapas da planificación de cadros e previsión das necesidades de persoal.
CA1.1.1 Identifícanse as etapas da planificación de cadros de persoal.
CA1.1.2 Realízanse as estimacións de previsións de persoal.
CA2.2 Establecéronse os sistemas de planificación de cadros de persoal e avaliáronse as variables necesarias.
CA2.3 Defínense as quendas necesarias, as xornadas, o calendario anual e o descanso para o correcto funcionamento do establecemento ou da área de restauración.
CA2.3.1 Defínense as quendas necesarias.
CA2.3.1.1 Defínense as xornadas e o calendario laboral.
CA2.5 Traballouse con software de xestión de cadros de persoal.
CA2.8 Valorouse a normativa en materia laboral.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Planificación de cadros de persoal nas empresas de restauración.
Ferramentas de planificación e previsión de cadros de persoal.
Normativa laboral.
Aplicacións informáticas para a definición de cadros de persoal e o establecemento de quendas.
Novas tendencias na formación de equipos humanos en empresas hostaleiras.
Modelo de cadro de persoal.
Exemplos de planificación de cadros de persoal.
Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.
Planificación de calendarios de vacacións.
Métodos de medición e avaliación de tempos de traballo.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Colaboración na selección de persoal	13

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Colabora na selección de persoal, tendo en conta as previsións e as necesidades da empresa.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase o proceso de selección de persoal e as súas fases.
CA3.2 Preparouse un plan secuenciado de selección de persoal.
CA3.3 Recoñécéronse as técnicas de selección.
CA3.4 Analizáronse os principais métodos para a selección de persoal semicualificado e cualificado.
CA3.5 Elixíronse sistemas de recrutamento de persoal.
CA3.6 Deseñáronse os aspectos técnicos da entrevista e dos tests.
CA3.7 Recoñécéronse outros xeitos de selección.
CA3.8 Valoráronse as persoas candidatas segundo o posto que se desexe cubrir.
CA3.9 Valorouse o custo do proceso de selección.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Fases da selección de persoal.
Técnicas e métodos de selección: entrevista, test, etc.
Recrutamento: concepto e características. Sistemas de recrutamento interno e externo. Fontes para recrutar.
Preselección.
Custos do proceso de selección.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Integración do persoal nas empresas de restauración	7

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO
RA4 - Integra o persoal da empresa, adaptando os modelos actuais de organización dos recursos humanos.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Identifícanse as técnicas de comunicación e motivación de persoal.
CA4.1 Descríbense as necesidades de formación para se actualizar ao posto de traballo.
CA4.2 Recoñeceuse a finalidade da formación.
CA4.3 Identifícanse os xeitos de formación.
CA4.4 Recoñecéronse as motivacións dos traballadores da empresa.
CA4.5 Caracterizáronse os elementos determinantes da motivación e da desmotivación no posto de traballo.
CA4.6 Identifícanse técnicas de motivación.
CA4.7 Valorouse a importancia de coñecer o clima laboral para analizar os factores motivadores e desmotivadores, e para solucionar os problemas.
CA4.8 Deseñouse un plan de acollemento para novos traballadores.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
<p>0Valoración das opinións dos membros do equipo de traballo.</p> <p>Fomento da participación na achega de ideas, opinións e suxestións do persoal dependente.</p> <p>Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.</p> <p>Plan de formación: obxectivos e fins.</p> <p>0Sistemas de incentivos.</p> <p>Produtividade e rendemento.</p> <p>Sistema retributivo: principios básicos; retribución fixa e variable.</p> <p>Deseño do plan de acollemento na empresa.</p> <p>Manuais de acollemento de persoal.</p> <p>Programas de formación dirixidos á integración.</p>

**Contidos**

Formación no posto de traballo: rotación, aprendizaxe, etc.

Métodos de formación na empresa ou fóra dela.

Carreira profesional nas empresas de restauración.

Concepto de motivación: evolución.

Desmotivación: tedio, fatiga e absentismo.

Factores motivadores e desmotivadores.

Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles serán os recollidos en cada unidade didáctica.

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

- Contidos conceptuais: 80% da calificación. A nota máxima será dun 10 a que despois se lle aplica unha ponderación dun 80%, co que resulta un 8..

Estarán formados polos seguintes elementos avaliábeis:

a) Probas escritas e/ou orais teórico- prácticas. Poderán ser: tipo test, casos prácticos, exercicios, preguntas cortas, preguntas de desenvolvemento. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que dará a cualificación final de cada avaliación neste apartado.

Contidos procedimentais: 20% da calificación. A nota máxima será dun 10 a que despois se lle aplica unha ponderación dun 20%, co que resulta un 2.

b) Realización de traballos prácticos individuais e/ou grupais.

Realización de traballos e supostos prácticos relativos a materia impartida. Poderá haber máis dun traballo ou suposto en cada avaliación. No caso de que haxa varios traballos prácticos a nota deste apartado será a media aritmética das notas obtidas. Todos os traballos teñen que entregarse en prazo para ser avaliados. Os traballos non entregados farán tamén media aritmética.

No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que dará a cualificación final de cada avaliación neste apartado.

O cálculo da nota final de avaliación será a suma das notas acadadas nos apartados anteriores, tendo en conta á hora do redondeo e outras anotacións feitas no caderno do profesor.

No caso de que non haxa traballos nunha avaliación a nota dos contidos conceptuais será do 100%.

De non superar as probas de recuperación, de todas as avaliacións, o alumno suspenderá o módulo, é dicir, deberá recuperar todas as avaliacións para poder aprobar o módulo. De non presentarse as probas de recuperación o alumnado suspenderá o módulo.

O alumnado que non supere a proba de recuperación de calquera das avaliacións en período ordinario deben examinarse de toda a materia, no seu caso nas probas extraordinarias ao efecto.

Para a superación das avaliacións parciais os alumnos e alumnas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos, en cada unha das avaliacións levadas a cabo ao longo do curso.

No caso dos alumnos e alumnas que non superen algunha das probas parciais; a puntuación máxima que poderá asignarse na última avaliación parcial será de catro puntos

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao tratarse dun ensino post obrigatorio o traballo, esforzo e compromiso do alumnado é un requisito imprescindible; polo que á hora de falar de actividades de recuperación, partimos do feito de que o alumno/a comportouse axeitadamente, participou de maneira positiva e intentou acadar os criterios de avaliación. Neste caso, tendo en conta as circunstancias que influiron nese resultado negativo poderemos establecer novas datas de presentación de tarefas ou de realización de novas probas. No caso de que se entenderá necesario poden deseñarse novas actividades con tarefas de reforzo que lle axuden (ao alumno/a) a comprender mellor ou superar os criterios de avaliación, ou que lle permitan chegar aos obxectivos cun pouco máis de tempo.

Esas actividades e tarefas desenvolveranse ao longo do curso de acordo entre profesora e alumno/a.

No caso de que a actitude do alumno non fora de interese, non se pode falar de recuperación. En calquera caso poderíase facer un exame final de recuperación.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder a FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo

período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. Realizarase un informe de avaliación individualizado do procedemento de Avaliación para cada alumno.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.

Atendendo a normativa de funcionamento de ciclos data 30 de xullo 2013 os alumnos en situación de perda de avaliación continua non terán dereito as actividades de recuperación previstas para os alumnos que non superen o módulo.

A avaliación extraordinaria coincidirá coa avaliación final.

Establecese ate un máximo do 10% de faltas para a perda de dereito de avaliación continua.

O módulo de dirección de equipos en restauración ten unha carga lectiva de 53 sesións, polo tanto o 10% de faltas inxustificadas neste módulo será de 5.

Conforme se determina no artigo 25 da Orde de 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

A tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou a alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas conforme ao anterior nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicárase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Coa axuda desta aplicación e na versión de traballo se recollerán as posibles desviacións que se vaian producindo sobre a programación inicial, así como valorárase o resultado das actividades realizadas en relación coa temporalización e os obxectivos acadados, para introducir variacións no futuro que poidan mellorar a programación inicial e a práctica docente.

Mensualmente, farase unha posta en común na reunión de departamento para analizar e reflexionar sobre os resultados obtidos nas respectivas experiencias docentes dos integrantes do mesmo.

Ó final de curso pasarase unha enquisa ao alumnado para que valoren o desenvolvemento das clases, a práctica docente, a adecuación da esixencia ao currículo do módulo, clima de clase, etc. Así mesmo, poderán facer suxestións e á vista das súas respostas reflexionárase sobre o xeito de dar clase, aspectos a conservar e aspectos a mellorar no futuro.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar en relación co perfil profesional correspondente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando o análise da marcha dun estudante detrmine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten mais dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15." De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de Xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en rexime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula, para este módulo podemos destacar:

\* Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

\* Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

\* Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional ( tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

\* Educación para a convivencia: procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de proba, etc.

Educación do consumidor: fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo ( aula, material informático, talleres...)

\* Interculturalidade: traballando dende o principio o respecto as distintas culturas.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

\* Actividades coordinadas cos outros módulos do ciclo

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0506	Formación e orientación laboral	2021/2022	3	107	107
MP0506_12	Prevenición de riscos laborais	2021/2022	3	45	45
MP0506_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego	2021/2022	3	62	62

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

- Participación en Feiras, Mostras, Xornadas Técnicas, Sesións Informativas, Charlas e Coloquios relacionados co ámbito profesional ou de carácter xeral e realizados fora ou dentro do centro coma por exemplo: visita ao IFEMA ao salón do estudante, participación nas Xornadas de Orientación profesional que se celebran para todos os centros da comarca, participación en Obradoiros sobre sexualidade e violencia de xénero, prevención de lesións medulares e no Programa de Divulgación en doazón e transplantes de órganos que se celebran anualmente. Tamén está prevista unha charla a cargo da Garda Civil relacionada coa prevención dos delitos telemáticos e o uso responsable dos recursos de Internet e unha visita á Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo y Enfermedades Profesionales de Culleredo (A Coruña) para que lles amosen aos alumnos as instalacións de rehabilitación que teñen alí.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Uso da Aula Virtual

De xeito xeralizado, se é posible, a profesora empregará, para o desenrolo do curso, o Aula Virtual na que irá compartindo información interesante co alumnado, tanto procedente de noticias como de medios xurídicos e que tamén poderá utilizar como medio para poñer e corrixir exames.

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025682	Fraga do Eume	Pontedeume	2021/2022

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT04	Dirección de cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0507	Empresa e iniciativa emprendedora	2021/2022	3	53	53

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	FLORINDA DIVINA CACHEIRO LADO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto polo que se regula o ciclo é o 83/2011, do 20 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo correspondente ao título de técnico superior en Dirección de Cociña.

O Centro encóntrase enmarcado no seguinte ámbito:

Xeográfico: O municipio de Pontedeume ocupa a beira meridional da ría de Ares formada polo río Eume. Forma parte da comarca do Eume xunto con outros municipios como é Monfero, Capela, As Pontes e Cabanas.

As infraestructuras de comunicación son bastante densas, destacando: a nacional 651 de Ferrol a Betanzos, e a autoestrada do Atlántico. Ademais temos outras estradas secundarias como a LC 152 Cabanas - As Pontes, Pontedeume - Miño pola costa e outras secundarias de carácter local. Habemos falar tamén do ferrocarril, onde Pontedeume está situado na liña Betanzos -Ferrol.

O municipio de Pontedeume está situado no golfo Ártabro e podemos distinguir dúas áreas xeográficas.

Unha é a relativamente ampla veiga que se forma no fondo da ría, onde están as parroquias de Ombre, Nogueirosa, O Vilar e a mesma vila. Unha pequena serra, formada polas estribacións da Serra da Loba, cerra o val polo sur, coas súas máximas alturas no monte Queimado (403 metros), Allegue (411 metros) e Castrelo (329 metros).

Outra zona é a estreita franxa costeira que se abre hacia a boca da ría ó pe do monte Breamo, onde están as parroquias de Centroña e Boebre. A costa é xeralmente abrupta e alta, coa praia de Ber como accidente máis significativo.

A parroquia de Andrade é a única que non se encontra dentro desta división, e a máis interior e alongada da costa.

A poboación alcanza os 8.881 habitantes, cunha densidade de 292 habitantes por quilómetro cadrado. A principal concentración se da na vila, con 4.607 habitantes; o resto se atopa diseminado polos 29,5 quilómetros cadrados da superficie do municipio.

Socioeconómico: Algo máis da metade da súa poboación activa traballa no sector terciario, no porto, o comercio, os servizos persoais e recreativos, hostalería, ensinanza, administración pública, finanzas e transporte interior, en termos porcentuais é o 52,4% do total. Na súa rama industrial, á que se dedica o 31,3% dos activos, destacan as actividades derivadas dos produtos primarios, madeira e láctea, así como as de artes gráficas. Na construción emprégase o 10% da poboación ocupada do municipio.

A agricultura xa non ocupa unha importante posición no municipio, so o 4,8% da ocupación.

Desenvólvese basicamente no grupo familiar, cunha dedicación de tempo parcial. A gandería apenas é importante. A actividade pesqueira e marisqueira é case residual ocupando moi poucas persoas na actualidade.

Cultural: O grao de cualificación profesional aumentou considerablemente. Case o 30% do total da poboación ocupada son traballadores cualificados na industria

Laboral: Do análise da poboación ocupada segundo situación socioprofesional extraese que o grupo abertamente maioritario é o dos asalariados, o 76%. Do que un 55,5% son asalariados fixos e o 25,5% restante, eventuais.

En Pontedeume púsoxe en marcha un Parque Empresarial con dúas importantes empresas xa instaladas e unha capacidade de ampliación do solo ata as 800 Has. Este dispositivo permítelle desenvolver as ofertas do seu tecido productivo.

O sector da Cociña é un nicho de mercado dentro da economía actual. A situación sociocultural actual fai que sexa un dos sectores nos que as perspectivas de emprego son optimistas.

O módulo de EIE facilitará a comprensión do funcionamento dunha empresa e, sobre todo, proporcionará as ferramentas necesarias para que o alumnado cree unha empresa. Un obxectivo básico do módulo é fomentar o espírito emprendedor dos alumnos/as.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora		6	11
2	A empresa e o seu contorno		7	13
3	Planificación e organización dunha empresa. Marketing		7	13
4	Creación e posta en marcha dunha empresa		9	15
5	Xestión financeira		12	24
6	Fiscalidade e xestión administrativa		12	24



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora	6

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de hostalaría e, en concreto, no subsector de restauración.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da dirección de cociña, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na dirección de cociña (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de hostalaría e, en concreto, no subsector de restauración.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da dirección de cociña.

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno	7

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa restauración e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de restauración, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de restauración: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación e organización dunha empresa. Marketing	7

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de restauración, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Creación e posta en marcha dunha empresa	9

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de hostalaría e, en concreto, no subsector de restauración.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de restauración tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de restauración.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Xestión financeira	12

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de hostalaría e, en concreto, no subsector de restauración.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Fiscalidade e xestión administrativa	12

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa restauración e a dirección de cociña, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fisc
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de restauración: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os MÍNIMOS ESIXIBLES para acadar a avaliación positiva do módulo serán os que se indican en cada UD como CA mínimo esixible.

Os CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN serán os seguintes:

- Probas escritas, que poderán incluír, tests, preguntas de desenvolvemento, supostos prácticos, resolución de exercicios e que suporán a porcentaxe indicada en cada una das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.
- Táboas de Observación, que se aplicarán sobre determinados procedementos realizados polo alumno e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.
- Outros, a aplicar por exemplo ao plan de empresa (proxecto de empresa) e que se podarán valorar por exemplo con táboas de indicadores e que suporán a porcentaxe indicada en cada unha das UDs para este tipo de Instrumento de Avaliación.

### PROCEDEMENTOS XERAIS

Nas probas escritas ao lado do enunciado da pregunta farase constar ao valor numérico da mesma.

As probas escritas deberán ser corrixidos no prazo máximo de 2 semanas.

As probas cualifícaranse sempre sobre valores numéricos totais de 10 ( ou os seus múltiplos )

O redondeo da nota quedaría como segue: se a cifra decimal é igual ou superior a 5 redondéase á nota inmediatamente superior. (exemplo: si a nota é 5.6, a nota redondeada será 6.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperación durante o curso:

Durante o curso realizaranse probas de recuperación para aqueles alumnos/as que non conseguiron acadar os mínimos esixidos en cada unha das avaliacións. Co obxectivo de que non perdan o ritmo da materia e se desmotiven, realizaranse nas primeiras semanas de cada unha das avaliacións (exceptuando lóxicamente a primeira), as oportunas probas que respetarán o formato das realizadas en primeiro lugar e que permitan á profesora comprobar a evolución dos alumnos e o seu dominio dos contidos básicos xa tratados no trimestre inmediatamente anterior. No caso de ser superadas positivamente estas probas, a avaliación constará a partir dese momento como aprobada para o alumno que non terá que realizar máis exames que incidan sobre os mesmos contidos.

A recuperación durante o curso das avaliacións que queden pendentes para o alumnado tamén se poderá facer propoñendo pola profesora a realización de exercicios de reforzo de forma autónoma que redunden sobre o explicado e que incidan naqueles aspectos que non se superaron convenientemente. Fixarase un prazo de entrega para estes exercicios, que oscilará entre unha semana e quince días (segundo a súa dificultade), e a profesora comunicará ao alumno/a as áreas que foron obxecto de recuperación e as que siguen pendentes. De non superarse durante o curso terán que ser recuperadas mediante a oportuna proba de avaliación a realizar ao rematar o curso.

Se o alumno non superou a avaliación porque non acadou a nota mínima de 4 no exame, éste terá que recuperar a avaliación mediante unha proba escrita, a determinar polo profesor, que conteña os contidos mínimos.

Se o alumno non superou o módulo, aínda que acadara unha nota mínima de 4 no exame, pero non chegou ó 5, aplicando todas as porcentaxes obxecto de avaliación, o alumno deberá realizar unha proba escrita, a determinar polo profesor, que conteñan os contidos mínimos.

Se o alumno non superou o módulo, aínda que acadara unha nota superior ó 5 no exame, aplicando todas as porcentaxes obxecto de avaliación, o alumno realizará exercicios a determinar polo profesor, que recolla os contidos que lle faltan por superar, co fin de que o alumno poda recuperar o módulo.

- Recuperación de xuño:

No meses de xuño terán lugar unhas probas de recuperación para aquelas/es alumnas/os que suspenderon algunha avaliación (PLAN DE ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN). Para aprobar o módulo esíxese a superación de cada unha das avaliacións. Neste módulo as alumnas e os alumnos terán que volver sobre o reiteradamente explicado durante o curso para, con un maior interese pola súa parte, chegar a un mínimo esixible -contidos mínimos-. Nese tempo, o profesor estará á disposición das alumnas e alumnos para aquelas consultas puntuais que, a xuízo daquel, sexan de necesaria explicación para que a comprensión da materia non sexa imposible.

A tal fin, haberá unha serie de exames fixados polo profesor e con antelación suficiente indicaranse as datas, hora e lugar. Os exames consistirán na superación de probas orais ou escritas ou unha combinación de ambas que abarquen a totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos. Estas probas demostrarán o dominio das capacidades e contidos procedimentais, conceptuais e actitudinais.

Para superar cada proba esíxese que se resolvan correctamente a metade das preguntas ou problemas plantexados e sempre e cando non se cometan erros de conceptos e contidos mínimos, xa sexan de carácter procedimental, conceptual ou actitudinal.

Facer constar que en todo caso non se examinará aos alumnos/as daqueles bloques temáticos que xa superaron positivamente durante o curso.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O sistema de avaliación para aquelas/es alumnas/os que perderon o dereito de avaliación continua (PLAN EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN), consistirá na superación de probas orais ou escritas ou unha combinación de ambas que abarquen a totalidade dos contidos, especialmente os contidos mínimos. Estas probas demostrarán o dominio das capacidades e contidos procedimentais, conceptuais e actitudinais. Tamén poderán adoptar a forma de preguntas de selección, preguntas de produción ou resolución de supostos de feito, incluso preguntas tipo test.

A tal fin, haberá unha serie de exames fixados pola Xefatura de Estudos do instituto e con antelación suficiente indicaranse as datas, hora e lugar. Para superar cada proba esíxese que se resolvan correctamente a metade das preguntas ou problemas plantexados e sempre e cando non se cometan erros de conceptos e contidos mínimos.

Neste senso recordar que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua é do 10% da duración do módulo. (Resolución de 27 de xullo de 2009).

O alumno que ten perda da avaliación deberá presentar de forma individual o proxecto, o plan de empresa, que debería facerse ó longo do curso.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Unha vez rematada a elaboración da programación, firmada polo xefe do Departamento de FOL e presentada ante a Xefatura de Estudos, este documento non pode converterse en algo ríxido, inflexible e pechado, senón todo o contrario, ao longo de todo o curso o docente debe ter en conta as pautas establecidas na programación e en base a ela elaborar as súas programacións de aula. Cando remate o curso o propio docente deberá facer una Memoria onde se recolla o grao de axuste entre o programado a principios de curso dun modo teórico na programación e o acaecido realmente ao longo do curso ao aplicar esta programación ás programacións de aula e exercer a docencia diante dos alumnos.

Os posibles indicadores a ter en conta para a AVALIAR A PROGRAMACIÓN serían os seguintes:

- Entrega en prazo: deberá comprobar se se cumpriron os prazos de entrega para a documentación fixados pola Dirección do centro.
- Obxectivos: prestarase especial atención en comprobar se se acadaron os obxectivos marcados.
- Contidos: comprobarase se se desenvolveron todos os contidos, especialmente os contidos mínimos, e máis se houbo variacións en canto á secuenciación e temporalización.
- Metodoloxía: neste apartado valorarase se a metodoloxía empregada foi a máis axeitada para conseguir os obxectivos marcados e desenvolver os contidos programados, ou é preciso introducir medidas correctoras para o próximo curso.



- Recursos didácticos: Valoraremos se os recursos foron insuficientes ou excesivos, se se empregaron na súa totalidade e se se fixo o uso esperado deles. Consideraremos a posibilidade de introducir novidades para o próximo ano. Avaliaremos a idoneidade do libro de texto recomendado e dos apuntes proporcionados.
- Criterios de Avaliación: comprobarase se foron tratados na súa totalidade, e se deron desposta aos obxectivos e aos contidos establecidos.
- Actividades de recuperación: teranse en conta os resultados obtidos como consecuencia da posta en práctica das actividades de recuperación deseñadas. Valoraranse os resultados acadados polos alumnos que as realizaron e o grao de dificultade atopado na realización das mesmas.
- Recuperación pendentes: realizarase un tratamento estatístico dos resultados obtidos con relación aos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores.
- Actividades extraescolares: recollerase unha relación detallada das actividades extraescolares que se levaron a cabo, valorarase a súa funcionalidade con relación ao proceso de aprendizaxe, a conexión coa materia impartida, a idoneidade da data e da súa duración, e a colaboración entre os departamentos no seu desenvolvemento. Tamén será tida en conta a opinión do alumnado con relación a este particular (organización, custo, grao de aproveitamento,..).
- Temas transversais: apreciarase o grao de tratamento dos temas transversais propostos e a resposta e colaboración do alumnado neste punto, o interás manifestado e a súa actitude.
- Atención á diversidade: serán valoradas as medidas adoptadas con relación á atención á diversidade, en concreto, a súa adecuación ás necesidades detectadas, a súa capacidade para dar desposta á variedade do alumnado e a colaboración entre departamentos, en especial co departamento de Orientación do centro. Ao final do curso tamén se observarán os progresos realizados polos alumnos *¿afectados¿*, e valorarase a posibilidade de orientar ao alumnado cara aqueles estudos nos que poidan desenvolver dun xeito máis axeitado as súas capacidades.
- Fomento da lectura e das TICs: valorarase se os obxectivos marcados con relación ao Plan Lector foron cumpridos, e se así foi en que grao. Tamén se considerará a idoneidade das lecturas propostas, así como a posibilidade de introducir novos títulos de cara ao ano que vén (neste caso indicaranse cales). Con relación ás TICs, teremos que valorar entre outras cousas, o uso que se fixo delas, o aproveitamento polo alumnado, a utilización que fixo o profesorado, cales foron os recursos máis empregados, cales foron as dificultades atopadas e as súas posibles causas, e as propostas de melloras. Todo isto tendo en conta os obxectivos marcados no Plan TICs.
- Fomento da convivencia: Indicaranse os problemas atopados na convivencia se os houbo, as solucións adoptadas, as medidas correctoras empregadas, e a súa capacidade resolutoria. Tamén se apreciara neste punto o respecto do alumnado cara á normativa procuradora da convivencia no centro e o grao de colaboración de todos os membros da comunidade educativa.
- Probas de coñecementos previos: valorarase a idoneidade do seu formato, da data de realización e a súa utilización práctica cara o futuro deseño do proceso de ensino- aprendizaxe.

#### Respecto a AVALIACIÓN da PRÁCTICA DOCENTE:

O docente o remate de cada trimestre pasará o alumnado un test anónimo no que se recollerán distintas cuestións que o alumnado valorará de 1 a 5, sendo 1 o mínimo posible e 5 o máximo, tales como:

- Adecuación dos contidos do módulo
- Adecuación da metodoloxía empregada
- Adecuación da temporalización
- Valoración da propia práctica docente.

Deixando un apartado ou pregunta aberta onde os alumnos fagan os seus propios comentarios e suxestións co fin de mellorar a actividade de docente e a asimilación dos contidos mínimos por parte do alumnado.

Segundo os resultados obtidos neste test o docente irá facendo as adaptacións oportunas na súa programación o longo do curso académico.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Esta variedade responde á necesidade de coñecer o punto de partida do alumnado, tanto no que se refire ao seu nivel de coñecementos previos como a outro tipo de situacións e necesidades. Esta avaliación inicial farase ao principio de cada unidade didáctica, mediante un remuíño de ideas onde se poña de manifesto o que os alumnos coñecen do tema e as súas características persoais, o que permite unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada. Tamén incluiremos neste apartado a correspondente reunión do equipo docente de cada grupo de alumnos que, coordinada polo profesor-titor, se fará ao comezo das actividades do ciclo formativo. Esta reunión non dará lugar a unha calificación por alumno, senón que é orientativa para o docente.

As alumnas e os alumnos serán sometidos a un proceso de AVALIACIÓN INICIAL, proceso que se levará a cabo ó longo da segunda quincena de setembro do curso académico 2011-2012. Preténdese con ela, conseguir dispoñer da maior cantidade posible de información de cada un dos alumnos, tanto no relativo ó ámbito persoal como ó académico e ó de competencia curricular, co fin de facilita-lo proceso de ensino-aprendizaxe de tódolos alumnos, para tratar de facer posible o principio de "APRENDIZAXE SIGNIFICATIVO" en cada caso. A consecución deste obxectivo implica que a avaliación inicial non debe servir para "etiquetar ou catalogar" a determinados alumnos en base ó seu historial previo ou outras características, como tampouco debe servir para proxectar sobre certos a Poñerase especial atención ás medidas de reforzo educativo e cando sexa necesario adoptaranse medidas de adaptación curricular. Para proceder a elaborar un Plan de Atención á Diversidade, existen diferentes etapas que, para este módulo serán as seguintes:

- 1.- Avaliación inicial, pola que se intentará detectar cal é o problema do aprendizaxe concreto que presenta a alumna ou o alumno, é decir, determinar que é o que non consegue realizar dentro do traballo escolar e, en función desto, determinar o obxectivo a cubrir por él. Como instrumento pódense utiliza-las probas escritas mediante cuestionarios sinxelos, entrevistas e, si fose necesario, a axuda de especialistas.
- 2.- Proposta curricular, pola que se trata de poñer os medios para lograr e alcanzar os obxectivos propostos. Si se modifican os obxectivos e alonxamos á alumna ou ó alumno dos plantexamentos xerais, básicos e mínimos para todo o alumnado, esta adaptación será significativa. Será necesario utilizar unha metodoloxía activa que potencia a participación, propoñendo ó alumno/a as realidades concretas unidas ó seu entorno, propiciando o traballo en grupo e favorecendo a súa participación nos debates previstos. Ó mesmo tempo, pódense propoñer dous tipos de actividades: a primeira común para todo o alumnado e a segunda, diferente, segundo o grado de consecución dos obxectivos propostos, facilitando así a graduación de contidos en orde crecente de dificultade.
- 3.- Avaliación sumativa, coa que se pretende saber si se alcanzaron os obxectivos propostos. Neste sentido:
  - Avaliaranse os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinaris.
  - Avaliarase o traballo en equipo.

En definitiva, haberá que valorar o avance detectado e a consecución dos obxectivos sinalados para as alumnas e os alumnos con problemas concretos de aprendizaxe.

lumnos determinadas expectativas en ningún sentido que poideran condicionar o seu futuro académico.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o bo funcionamento do curso e para que finalmente os alumnos acaden os obxectivos e as capacidades terminais referentes ao módulo, é de vital importancia que o docente teña un coñecemento o máis exhaustivo posible das características e condicionantes persoais do alumnado co que vai ter que traballar ao longo do curso.

Así, previamente ao comezo do proceso e no momento da realización da programación o docente tratará de informarse, a traves da xefatura de estudos e do departamento de orientación, se algún dos alumnos que conforman o grupo ten algunha característica ou condicionante que lle poida dificultar o acadar os mínimos esixidos para superar o módulo, sen que chegue a tratarse dun alumno con necesidades educativas especiais (xa visto noutro apartado), ou que pola contra, haxa algún alumno con altas capacidades que poida asimilar moita máis información sobre a materia que os simples mínimos esixidos.

Unha vez iniciado o curso o profesor comezará dende o primeiro día e dun modo directo e persoal a observar a realizade da aula, xa que a

DETECCIÓN PRECOZ deste tipo de casos e situacións é vital para o éxito na consecución dos obxectivos programados.

Así haberá que ter moi en conta dúas situacións ben diferenciadas:

-Os alumnos aos que lles costa máis acadar os mínimos esixidos e que de non realizar algún tipo de intervención é probable que non os acaden, para este alumnado o profesor preparará ACTIVIDADES DE REFORZO, a similitude das do resto do alumnado que lles permitan assimilar dun modo máis sinxelo e efectivo a materia e que irán entroncadas no caso que sexa necesario coas actividades de recuperación previstas na avaliación. Coma:

Darlles esquemas ou resumos moi básicos cos mínimos que se van esixir sobre a materia, para que lles resulte máis sinxelo asimilala.

Darlles exercicios e actividades para realizar fóra do horario lectivo que reforen o que os demais xa aprenderon na aula.

Adicarlles un tempo cada 15 días, para de modo individual mentres os compañeiros traballan en outra actividade, resolverlles dúbidas e ofrecerlles a axuda que necesiten.

Poñelos a traballar, por parellas, con algún dos alumnos máis aventaxados, para que lles axude, pero procurando sempre que esta medida non produza o efecto contrario do desánimo no alumno ao que máis lle costa.

- Aos alumnos aos que as capacidades terminais elementais a acadar no módulo, lles resulten insuficientes, ben porque xa teñan coñecementos previos sobre a materia por algunha razón, ben porque as súas características persoais e intelectuais así os definan, o profesor prepararlles unha serie de ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN, que lles permitan avanzar un pouco máis na materia e ampliar o seu horizonte de coñecementos, evitando así que acaben por aburrirse na aula e desmotivados. Por exemplo:

Encargarlles a realización de traballos de Profundización e Investigación, relacionados con algún aspecto ou contido do módulo que lles interese moito.

Completar as unidades didácticas con información extraída de campos diversos.

Colaborar cos compañeiros que teñen máis dificultades, en parellas.

Propoñerlles a resolución de actividades máis complexas cás que se propoñen para o resto dos/as alumnos/as do ciclo medio.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Como complemento da programación do módulo de EIE, ó longo do curso trataranse algúns dos seguintes temas, xa sexa a modo de debate, coloquio ou como tema obxecto de traballo por parte dos alumnos, traballo que realizarán a modo de actividade complementaria:

- O medio ambiente como patrimonio común.
- Respecto pola seguridade e a saúde tanto persoal como colectiva.
- A igualdade e a solidariedade.
- A ética profesional.
- A economía de mercado.
- A construción da Unión Europea.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso académico establécense unha serie de posibles actividades COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES a realizar, que a continuación pasamos a relatar.

De xurdir a necesidade ou oportunidade de realizar algún tipo de actividade a maiores, en función das demandas educativas do alumnado, o departamento de Formación e Orientación Laboral xustificará académicamente a súa necesidade e, salvo en casos en que non sexa posible

realízala noutro momento, serán programadas para os dous primeiros trimestres do ano académico.

Dentro das ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS que se desenvolverán o longo do curso poderíamos citar:

- O emprego de metodoloxía de xogos: realización de test psicotécnicos para avaliar entre outras a idea, a capacidade de liderazgo, a capacidade emprendedora.
- Simulacións: realizacións de Role-Playing: por exemplo dunha entrevista de traballo nun proceso de selección de persoal, ou simulando presentar o noso proxecto ante un posible inversor.
- Visualización de vídeos ou películas relacionados coa iniciativa emprendedora, o mundo dos negocios, e a selección de persoal: , Pisando fuerte, El gran salto, El jardinero fiel, Wal Street, El método, Up in the air.
- Realización de debates sobre temas relacionados coa materia obxecto de estudo: por exemplo as distintas formas xurídicas e as súas ventaxas e inconvenientes.

Dentro das ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES incluíríamos:

- As visitas escolares realizadas fóra do centro educativo, a organismos e empresas do sector profesional específico (centro de operacións de R), verificando deste xeito o alumnado a realidade dos contidos tratados na aula. Neste sentido programamos en colaboración co BicGalicia a visita a un viveiro de empresas, entre outras.
- Visitas a organismos oficiais, algunhas programadas para que os alumnos/as reciban algunha charla orientativa, e outras que deberán facer eles pola súa conta para recabar datos e información pertinente para os seus proxectos: Escola Galega de Prevención de Riscos, á Tesorería Xeral da Seguridade Social, ao Rexistro Mercantil, á Asociación de Empresarios da comarca, ao Concello
- Participación en Feiras , Mostras, Xornadas Técnicas, Sesións Informativas, Charlas e Coloquios relacionados co ámbito profesional ou de carácter xeral e realizados fóra ou dentro do centro coma por exemplo: visita ao IFEMA ao salón do estudante, participación nas Xornadas de Orientación profesional que se celebran para todos os centros da comarca, participación en Obradoiros sobre sexualidade e violencia de xénero, prevención de lesións medulares, e no Programa de Divulgación en doazón e transplantes de órganos que se celebran anualmente. Tamén está prevista unha charla a cargo da Garda Civil relacionada coa prevención dos delitos telemáticos, e o uso responsable dos recursos de Internet.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Contidos pendentes de módulos anteriores

Debido ó estado de alarma e posterior suspensión do curso quedaron algúns contidos do módulo de FOL pendentes de impartir como son da unidade formativa 2 - dereito laboral- os criterios de avaliación do RA2. CA2.9. e RA3, CA3.4 e CA3.5, que se impartirán ó longo do módulo de EIE, de xeito transversal. Realizaranse actividades de carácter non evaluable, cunha duración de non máis de 5 períodos lectivos.